Novo informe de cobertura

A fibra comeza a asentarse nas nosas zonas vellas e no rural

Nº 213

codigocero.com

Código cero

Cultura galega, *trending topic*

A celebración das Letras Galegas será máis ca nunca unha festa en liña



Elas queren ser tecnólogas

Conmemorarmos unha nova edición do Día das Rapazas nas TIC

Fonte de contidos en galego

Lingua.gal expande a nosa cultura na Rede

Diagnóstico positivo

Medra a cifra de empresas galegas do Hipersector TIC

Plan de reactivación económica e social de Santiago de Compostela (PRESS)

O Concello de Santiago vén de abrir a terceira convocatoria de axudas destinada a paliar os efectos provocados polas medidas restritivas ditadas pola autoridade competente para frear a pandemia.

Axudas ao comercio

1.904.000€

Bonos de aparcamento

150.000€

Axudas á hostalaría

1.747.105€

Axudas ao sector cultural

604.992€

Axudas ao consumo

Comprando no comercio local obterás un bono para gastar na hostalaría da cidade.

600.000€

Axudas a actividades de promoción comercial

200.000€

Achega da Deputación Provincial da Coruña	**1.000.000€**
Achega do Concello de Santiago	**4.207.000€**

Total achegas 5.207.000€

XUNTAS E XUNTOS IMOS CONSEGUILO

Información e prazos de solicitude:
www.santiagodecompostela.gal

CONCELLO DE SANTIAGO

Sumario
nº 213

Equipo

DIRECTOR:
Xosé Mª Fernández Pazos
director@codigocero.com

WEBMASTER:
Marcus Fernández
webmaster@codigocero.com

REDACCIÓN:
Fernando Sarasketa
Sonia Pena
redaccion@codigocero.com

FOTOGRAFÍA:
Adolfo Enríquez Calo • Joferpa

DESEÑO E MAQUETACIÓN:
Óscar Louzán
foro@codigocero.com

PUBLICIDADE:
publicidade@codigocero.com

EDITA:
Grupo Código Cero Comunicación S.L.
Rúa das Hedras nº 4, 1º G
15895 Ames (Milladoiro)
Tel.-fax: 981 530 268
www.codigocero.com
redaccion@codigocero.com

IMPRIME:
Gráficas Garabal, S.L.
Tel.: 981 56 25 95
graficasgarabal@graficasgarabal.es

Número 213
(abril - maio 2021)
Publicación periódica.

Prezo: 2 €

Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (Edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (Edición dixital)**:** 1579 -7554

Fotos páxinas 1, 6 e 7 Freepik.com

Membros
ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

19 anos informando

cando leas a revista, compártea....
.... cun amigo, un familiar, ou
dóaa á biblioteca do teu barrio.
Cantos máis sexamos, máis cambios conseguiremos

REPORTAXES

4 O presidente do CPEIG móstranos os detalles da nova ciberseguridade europea

5 O CiTIUS segue a revolucionar o mundo como o coñecemos con Intelixencia Artificial

6 O observatorio OSIMGA confirmou o bo estado de saúde do noso Hipersector TIC

7 Increméntanse na nosa terra os servizos autonómicos da Administración Electrónica

8 O 22 de abril o CESGA, o CPEIG e Igualdade celebraron o Día das Rapazas nas TIC

10 O CiTIUS e AtlantTIC suméronse ás reivindicacións por un panorama tecnolóxico igualitario

11 O CITIC e a UDC impulsan un programa para impulsar novas vocacións tecnolóxicas

12 As operadoras seguen a encher as nosas comarcas de cobertura de banda larga

14 Celebramos na Rede o Día das Letras Galegas

14 O Día das Letras Galegas deste ano está adicado a Xela Arias, poeta tradutora, editora, docente e sobre todo muller libre que viviu só 41 anos, tempo que ela demorou por e para a súa paixón, a lingua galega.

18 Política Lingüística porá o foco nas redes sociais e en Internet nas súas vindeiras actividades

19 GAIN aposta forte por xerar e reter talento investigador galego

20 As empresas e institucións achegan en plena primavera un novo menú de innovación

22 Os concellos galegos revolucionan o ámbito das aplicacións cidadás

23 A Cidade da Cultura acolle en maio a quinta edición do Hackathon Big Data & Analytics

NOVAS

24 Damos conta dalgunhas das principais novidades tecnolóxicas da tempada

TREBELLOS

26 Debullamos con todo luxo de detalles os trebellos tecnolóxicos da tempada

XOGOS

28 Repasamos o máis salientábel dos días pasados en materia de xogos e consolas

31 O MUVI colabora co Salón do Libro de Pontevedra con accións centradas nos videoxogos

Fernando Suárez, presidente do CPEIG, fálanos das novas disposicións para engadir un extra de seguridade no *ecommerce*

Directiva europea sobre pagamentos

Hai non moito falabamos do inevitable camiño cara ás criptomoedas Vivimos nunha sociedade onde cada vez usamos menos diñeiro en efectivo e onde a pandemia disparou o comercio electrónico. Este cambio de hábitos ten que vir acompañado dun fortalecemento da seguridade nas operacións financeiras que afronte o impulso que están a ter os pagos dixitais. Por este motivo, as autoridades europeas decidiron tomar cartas no asunto

A PSD2 é a nova Directiva Europea sobre Pagamentos cuxos principais obxectivos son o aumento da seguridade, a protección do usuario final e o impulso da innovación. Esta normativa, obrigatoria desde este mesmo ano, incorpora unha serie de medidas para aumentar a seguridade nos pagos electrónicos, coñecida como Autenticación Reforzada de Cliente (ou SCA polas súas siglas en inglés). Con esta medida, para poder levar a cabo unha transacción deberase comprobar a autenticidade do cliente mediante un dobre factor de autenticación. Para iso necesitaranse dous elementos entre algo que se ten, por exemplo un móbil ao que enviar un SMS, algo que se sabe como un contrasinal ou un PIN e algo que se é, é dicir, un elemento biométrico como a pegada dixital.

Entre as vantaxes que achega para o consumidor final, destacan o incremento na percepción de seguridade e o intento de reducir ou impedir a realización de operacións fraudulentas que se producen a través do roubo de cartóns. Ademais, o feito de poder efectuar compras mediante a autenticación biométrica supón un extra de protección e innovación moi valorado polos compradores.

Desde o punto de vista do comercio posiblemente a percepción sexa distinta, especialmente naqueles negocios cun público que aínda ten reticencias á hora de usar a banca electrónica no seu dispositivo móbil, aínda que é certo que o número de usuarios con este perfil está a reducirse rapidamente.

Sendo conscientes da necesidade de atopar o equilibrio entre seguridade e conveniencia, a propia norma inclúe unha serie de supostos nos que unha transacción *online* pode estar exenta da aplicación da SCA. Por pór algúns exemplos: se se efectúa un pago online inferior a 30 euros ou se o cliente agregou unha lista de comercios de confianza, esta autenticación reforzada non se pedirá. Nos pagos *contactless* a excepción é diferente: non se pedirá PIN se o importe é menor de 50 euros, a condición de que non se realizaron pagos acumulados por un importe de 150 euros.

En definitiva, a seguridade *online* segue en constante evolución. Quen sabe se nun futuro próximo pagaremos con criptodivisas sen máis necesidade que identificarnos coa nosa cara ao entrar, física ou virtualmente, nunha tenda. ■

O CPEIG axúdanos a especializarnos en protección de datos

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), en colaboración con Data Privacy Institute (DPI), vai organizar o vindeiro mes de xuño unha actividade formativa directamente relacionada coas crecentes demanda de ciberseguridade que achegan empresas, entidades de toda índole e administracións. Trátase do Curso de Especialización en Protección de Datos – CEPD, que se desenvolve en modalidade online do 1 ao 24 de xuño, de luns a xoves de e 16.00 h a 21.00 h.

O curso conta con 60 horas de duración e está orientado a outorgar "unha especialización profesional en materia de privacidade desde unha perspectiva xurídica, técnica e organizativa", explica co colexio, engadindo algunhas das cuestións específicas que se abordarán: a normativa vixente no contexto nacional, o novo marco europeo e internacional, e os fundamentos que rexen a seguridade da información.

O alumnado terá opción de realizar un exame de certificación posteriormente en Galicia.

Durante o curso, o alumnado terá acceso ao aula virtual, onde se publicarán os documentos traballados con cada docente, o material audiovisual das sesións, os casos prácticos para traballar en grupo e poñer en práctica os coñecementos adquiridos, e os foros de resolución de dúbidas e intercambio de experiencias con titores e alumnos.

As **destrezas manuais** xa non son **exclusividade nosa**

Juan Antonio Corrales, investigador do CiTiUS, presenta un proxecto para achegar o sentido do tacto aos robots industriais

Os días pasados o investigador do CiTIUS Juan Antonio Corrales deu a coñecer internacionalmente detalles dun proxecto no que traballa e que se encadra no eido da Intelixencia Artificial no ámbito industrial e empresarial, un ámbito no que as novas tecnoloxías poden poñer o punto de eficacia, precisión, automatización e eficiencia que faltaba.

O proxecto SoftManBot foi presentado nun foro europeo o pasado 14 de abril polo investigador do centro compostelán, relator convidado á xornada de traballo *Soft objects robotics manipulation for the future of European factories (Manipulación robótica de obxectos deformables para o futuro das fábricas en Europa)*, organizada pola Asociación Europea de Robótica,

Corrales, que combina o seu labor no CiTIUS coa vertente técnica de SoftManBot (liderado pola escola de enxeñaría superior Sigma Clermont, Francia), fixo un repaso (no marco do European Robotics Forum) pola situación industrial actual e as súas necesidades.

Amais, ao longo da súa presentación Corrales mostrou o caso de uso dunha cela robótica nunha fábrica de xoguetes. Serviuse deste exemplo para explicar o enfoque e os desafíos tecnolóxicos propostos en SoftManBot, que conta con elementos comúns a outros ámbitos, como a industria dos pneumáticos, o calzado ou o téxtil. De feito, dixo, todos os obxectos producidos por estes sectores comparten "o feito de partir de materiais primas deformábeis", polo que a súa manufactura implica afrontar tarefas que, na actualidade, requiren unha elaboración manual, como son, por exemplo, o desmoldeado de bonecas e solas de zapatos ou o ensamblado de pneumáticos e pezas deportivas.

Segundo explicou, "é común que estas tarefas se sigan a facer de maneira manual, polo que un dos maiores retos de SoftManBot é conseguir que o robot aprenda as destrezas manuais que ten o humano, sempre supervisado por el, amais do sentido do tacto". E engadiu: "Trátase de crear mans robóticas destras para desempeñar tarefas que, a día de hoxe, seguen tendo un enorme compoñente manual"; un obxectivo de enorme interese para a industria, tal e como demostra o interese de multinacionais como Michelin ou Decathlon en formar parte do consorcio deste proxecto. ■

Senén Barro participa na iniciativa para lexislar a transformación dixital

Senén Barro, director científico do CiTIUS, centro de investigación da USC centrado nas posibilidades das tecnoloxías de Intelixencia Artificial, participa como experto na iniciativa do Senado para lexislar o proceso de transformación dixital de España.

O responsábel científico do CiTIUS e ex reitor da USC acudiu como autoridade convidada ao Relatorio de estudo sobre a adopción dunha regulación das novas realidades tecnolóxicas, disruptivas e sociais, promovido pola Comisión de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do Senado. O obxectivo é elaborar un informe que sirva de base para adoptar unha regulación das novas realidades tecnolóxicas, disruptivas e sociais, ante o desenvolvemento e implicación que a cuarta Revolución Industrial vai ter na vida da cidadanía.

Segundo confirmou o CiTIUS, o relatorio está a convocar a autoridades, a representantes de organizacións públicas e privadas e a persoal experto na materia, entre eles o director científico do centro da USC.

Ao longo da súa alocución, centrada no Uso intelixente da Intelixencia Artificial na automatización do traballo, Barro reflexionou sobre o proceso de automatización como algo "inevitábel", incidindo en que para acadar os resultados máis enriquecedores para todos os ámbitos sociais implicados non debemos "deixar que simplemente ocorra, que se estenda sen maior espírito crítico e recursos de anticipación para aproveitar todo o que de bo pode achegar". Para o ex reitor da USC, "a automatización do traballo irá cambiando progresiva pero aceleradamente o perfil e a actividade dos traballadores e das empresas, cuxa competitividade, e mesmo supervivencia, dependerá cada vez máis da súa capacidade para incorporar de xeito eficaz as tecnoloxías intelixentes nos seus produtos, servizos, procesos e modus operandi".

Un hipersector en boa forma

O número de firmas do sector tecnolóxico e de contidos medrou en Galicia un 4,5%

O observatorio OSIMGA, dependente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), comezou o mes de maio dando a coñecer os detalles do seu recente *Estudo sobre o Hipersector TIC de Galicia*, unha nova radiografía do panorama actual de empresas tecnolóxicas e de contidos da nosa terra. Segundo se fai saber, unha vez máis trátase dunha radiografía onde predominan os datos positivos. Sobresae entre todos eles o seguinte: o número de firmas do que se coñece como "Hipersector TIC" medrou en Galicia un 4,5%, fronte á media estatal do 0,1%. Amais, a día de hoxe, conta con 24.393 persoas empregadas afiliadas á Seguridade Social, un 0,2% máis que o ano anterior.

No estudo tamén se achega o seguinte dato de interese: o Hipersector TIC é un dos ámbitos económicos máis resilientes na actual conxuntura marcada pola COVID-19, cun incremento no emprego que no sector TIC foi do 1,9% (no período 2019-2020), situándose nos 19.343 traballadores, mentres o sector de contidos emprazouse nos 5.050 empregados/as.

O informe indica tamén que no ano 2019 estaban rexistradas en Galicia un total de 3.830 empresas dedicadas a actividades adscritas ao Hipersector TIC, cun crecemento do 4,5% no último ano. Este incremento mantén a Galicia na quinta posición estatal por número empresas deste segmento, unicamente superada por Madrid, Cataluña, Andalucía e a Comunidade Valenciana. Asemade, o informe salienta o crecemento sostido no número de empresas do Hipersector TIC galego nos últimos anos, acumulando un aumento de máis dun 15% dende o ano 2015.

A análise dos dous sectores que conforman o Hipersector TIC indica que: o sector TIC acada as 2.897 empresas, un 4,1 % máis que o ano anterior e representa máis do 75% do total do Hipersector TIC. Pola súa banda, o sector Contidos experimenta un crecemento do 5,8% e sitúase en 933 empresas.

O informe sinala que o valor engadido bruto (VEB) do Hipersector TIC galego aumentou un 2,5% no último ano e supera os 1.744 millóns de euros, o que representa o 2,8% do PIB galego. O VEB no Hipersector TIC creceu un 20% respecto ao ano 2015, en consonancia co incremento observado na demografía empresarial e no emprego.

A balanza comercial do Hipersector TIC deixou en Galicia máis de 95 millóns de euros en exportacións no ano 2019. Pola súa banda, as importacións acadaron practicamente os 136 millóns de euros.

A fabricación de equipos de telecomunicacións (CNAE 26.3) é a actividade que acada unha maior cifra de exportacións, con máis de 49 millóns de euros, o que supón o 51,3% do total de exportacións do Hipersector TIC de Galicia

O informe tamén analiza a actividade innovadora entre as empresas de 10 ou máis empregados/as, utilizando os últimos datos dispoñibles das enquisas de innovación e I+D do INE.

No período 2017-2019, 1.665 empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as rea-

lizaron algún tipo de actividade innovadora, o que representa o 22,4% das empresas galegas deste volume de emprego. Galicia ocupa así a sexta posición no *ranking* estatal de empresas innovadoras.

As empresas galegas de 10 ou máis empregados/as acadaron un gasto en actividades innovadoras de 760 millóns de euros no ano 2019. En canto ao gasto tecnolóxico para realizar actividades de innovación das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as, unha de cada tres mercaron tecnoloxía xa coñecida pola empresa ou unha actualización da preexistente, superando a media estatal en 3,2 puntos porcentuais. No caso de compra de nova tecnoloxía, o 6,9% das empresas galegas mercaron nova tecnoloxía, non utilizada previamente pola empresa.

No ano 2019, as empresas galegas destinaron máis de 627 millóns de euros a gastos internos de I+D, o que supón un incremento do 6,2% con respecto ao ano anterior. Galicia permanece na sétima posición das Comunidades que máis investiron en I+D respecto ao conxunto estatal. O número de traballadores/as en I+D en Galicia acada os 11.085 empregados/as, 454 máis que o ano anterior, o que representa un incremento do 4,3%.

Distribución do emprego por provincias e xénero

A análise provincial indica que A Coruña, cun 58,2%, e Pontevedra, cun 28,1%, seguen a ser as que concentran un maior número de traballadores do Hipersector TIC.

Respecto á actividade onde se rexistrou o maior incremento de traballadores/as no último ano, destaca o das *Actividades da tecnoloxía da información*, que aumentou un 5,9%, superando os/as 12.100 traballadores/as.

A análise do emprego segundo o xénero no Hipersector TIC indica que un 67,4% son homes fronte a un 32,6% de mulleres. No informe sinálase que "esta fenda de xénero faise máis patente no sector TIC, no que a porcentaxe de mulleres é do 30,4% mentres que no sector contidos, as mulleres representan o 41,2%". ■

Os galegos xa podemos autorizar a outra persoa dende a eSede da Xunta para realizar os nosos trámites

O Goberno galego vén de informar dunha importante novidade no ámbito da Administración Electrónica, destinada a facilitar a relación da cidadanía coas institucións e mellorar tamén o funcionamento destas. Segundo fai saber a axencia AMTEGA, neste intre calquera persoa de Galica pode xa autorizar a outra dende a sede electrónica da Xunta para realizar os seus trámites entre as administracións. A autorización, que é de balde, pode facerse dende o Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos.

AMTEGA sinalou que "a persoa que outorga o poder ten a opción de facelo desde a propia sede electrónica ou de xeito presencial". Tamén fai saber que a autorización terá unha vixencia máxima de cinco anos, aínda que se pode outorgar por un período inferior e renovala. Pode ser revogada en calquera momento pola persoa que a outorga e a persoa apoderada poderá tamén renunciar ao apoderamento.

O novo Rexistro de Apoderamentos créase no marco da Lei de Administración Dixital de Galicia e está regulado no Decreto publicado polo DOG o pasado 18 de marzo.

Neste momento, a tramitación pódese realizar na sede electrónica da Xunta de Galicia (sede.xunta.gal). O servizo comezará a estar dispoñíbel esta semana nas oficinas de rexistro das sete cidades e estenderase progresivamente ao resto das oficinas da rede autonómica.

O decreto establece tres tipos de poderes:

1. Un poder xeral, para que a persoa apoderada poida actuar ante calquera administración ou entidade instrumental.
2. Un poder limitado a actuacións administrativas ante a Xunta de Galicia ou ante unha entidade instrumental concreta.
3. Un poder aplicable unicamente para a realización de trámites especificados no propio documento.

AMTEGA engade que os poderes terán unha vixencia máxima de cinco anos e poderán ser revogados en calquera momento, tanto pola persoa que outorga o poder como pola persoa apoderada. Tamén se poden outorgar poderes cunha vixencia máis limitada no tempo, que poderán ser prorrogados ata os cinco anos.

A axencia explica tamén que a posta en marcha do Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos atende unha demanda social que "se incrementou coa extensión do uso da eAdministración como consecuencias da pandemia por COVID-19". En base a isto, "o rexistro facilitará o acceso a este modelo a persoas que non están habituadas ao uso da tecnoloxía dixital ou que, por calquera outra circunstancia, non poidan facelo", explica o Goberno galego, engadindo que a día de hoxe o 78% das anotacións no sistema único de rexistro de Galicia en 2020 realizáronse por canle electrónica.

Queremos igualdade nas TIC

A gran festa galega das mozas e as mulleres tecnólogas contou coa participación de máis de 1.150 estudantes

Patricia Argerey e Susana López Abella na inauguración

Este 22 de abril celebrouse en Santiago, con conexión directa cunha manchea de centros educativos, a gran festa galega das mulleres tecnólogas, pasadas, presentes e, sobre todo, futuras. Estamos a falar da celebración da novena convocatoria do Día Internacional das Rapazas nas TIC, a edición galega dunha sobranceira cita internacional que se dirixe a botar abaixo atrancos á igualdade nas carreiras e nas profesións tecnolóxico-científicas. Participaron, con acceso por multi-conferencia á sesión celebrada no CESGA, máis de 1.150 estudantes, escoitando as experiencias (e os consellos) de catro mulleres representativas do sector tecnológo galego: Beatriz Paz, Ana Freire, Úrsula Martínez e Verónica Bolón.

Tamén interveu Fernando Suárez, presidente do CPEIG, quen lembrou que "a Enxeñaría en Informática é a profesión máis social do noso tempo" e "por iso facemos un chamamento ás estudantes para que estean máis presentes na sociedade do futuro".

O evento galego veu novamente da man do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), dependente da Axencia Galega de Innovación (GAIN), e da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, en colaboración co Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), entre outras entidades.

A cita foi inaugurada por Patricia Argerey, directora de GAIN e presidenta do CESGA, e máis por Susana López Abella, secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia. Clausurou o acto o director do CESGA, Mauro Fernández.

Segundo confirmaron as entidades organizadoras, nesta convocatoria bateuse un récord de participación, "con máis de 30 centros e máis de 1.150 alumnas e alumnos desde 5º de Primaria a 2º de Bacharelato". Departindo coas mozas e mozos, achegándolles claves para fomentar a igualdade e o respecto, ao tempo que mostraron os moitos elementos positivos que brindan as carreiras profesionais TIC, catro tecnólogas galegas expuxeron as súas experiencias en primeira persoa: a enxeñeira de Telecomunicacións, Beatriz Paz Santalla; a doutora en Enxeñaría en Informática, Ana Freire; a enxeñeira Aeroespacial, Úrsula Martínez Álvarez; e a doutora en Enxeñaría en Informática, Verónica Bolón Canedo.

Como colaborador desde hai anos nesta actividade, o CPEIG mostrou o seu convencemento sobre "a importancia que supón incorporar o talento feminino a un sector clave como o tecnolóxico". O seu presidente, Fernando Suárez, explicou "que as novas tecnoloxías compren un papel estratéxico no cambio de época que se está a vivir, e en concreto, asegura que a informática é unha disciplina transversal a practicamente todos os sectores produtivos, desde a agricultura e a pesca á educación, cultura, sanidade, automoción, etc". E engadiu: "A informática está en todos os sitios, e así quedou demostrado coa pandemia, e transformou a nosa sociedade ata o punto de que a cantidade de tecnoloxía que temos á nosa disposición abre novas oportunidades en todos os campos".

Catro tecnólogas referenciais

Sen dúbida o miolo da xornada foi a rolda de relatorios de Beatriz Paz, Ana Freire, Úrsula Martínez e Verónica Bolón.

A primeira en intervir foi **Beatriz Paz** Santalla, enxeñeira superior en Telecomunicacións pola Universidade de Vigo (UVigo), que logo de falar brevemente da súa andaina formativa e profesional mandou unha mensaxe ás estudantes: "Cómpre que non nos asustemos polas dificultades que se lles presupoñen a estas disciplinas ou o mito do *cerebrito* illado do mundo. As persoas que traballamos no ámbito da tecnoloxía somos como calquera outra, con amigos e vida social". Asemade, falou falou das oportunidades laborais que ofrece a tecnoloxía, un sector sempre na bus-

Exemplo dun centro na xornada (IES Armando Cotarelo Valledor en Sobradelo, Pontevedra)

ca de gran cantidade de postos de traballo cualificados: "O futuro estano deseñando as empresas tecnolóxicas e os tecnólogos, por iso é tan importante que haxa máis mulleres no sector tecnolóxico para que non queden excluídas".

De seguido, foi a quenda de **Ana Freire,** que aproveitou a ocasión para convidar ás mozas a descubrir o mundo da ciencia e a tecnoloxía, "porque non son ámbitos desconectados da sociedade, con aplicacións sociais moi diversas e necesarias, como a saúde ou a sustentabilidade". Freire detallou o seu día a día laboral perante as e os estudantes, un día a día no que interactúa con profesionais de sectores moi diversos, viaxa e aprenden cousas novas acotío. Tamén afondou no proxecto STOP, que liderou hai máis de catro anos e no que se aplicaba Intelixencia Artificial para detectar problemas de saúde mental. Finalmente, presentou a iniciativa Wisibilízalas, destinada a dar a coñecer o bo facer de moitas mulleres que traballan en STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas), para que lles poida servir de inspiración.

Patricia Argerey: "Non nos podemos permitir o luxo de prescindir do talento da metade da poboación"

Nos actos de celebración tamén interveu a directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN), Patricia Argerey, quen inaugurou a xornada facendo un chamamento a pechar fileiras a prol da igualdade no ámbito tecnolóxico. "Non nos podemos permitir o luxo de prescindir do talento da metade da poboación", asegurou Argerey, que animou ás rapazas presentes no acto a considerar as TIC como unha boa oportunidade profesional, "porque as mulleres podemos ser boas mestras, doutoras, avogadas, enfermeiras ou economistas, pero tamén somos boas nas materias relacionadas coa ciencia, a tecnoloxía, as matemáticas ou a enxeñaría", engadiu.

Argerey referiuse a un estudo realizado pola Xunta en 2019 no que se reflectía que a presenza feminina no ámbito das TIC está lonxe de estar normalizada. Así, destacou que, desde o punto de vista da formación, é moi superior a porcentaxe de homes con titulacións relacionadas coas TIC, tanto a nivel de Formación Profesional como universitario. Pero, ademais, apuntou que, "se ben é certo que 70 de cada 100 empresas do sector TIC teñen mulleres contratadas, non chegan nin a dez nas que o colectivo de mulleres representa máis da metade do seu cadro de persoal. E este desequilibrio trasládase tamén de forma notábel aos postos de responsabilidade, que son ocupados maioritariamente por homes".

Ana Freire é enxeñeira e doutora en Informática pola Universidade da Coruña. Actualmente é investigadora e docente na Universitat Pompeu Fabra (Barcelona), onde traballa aplicando a Intelixencia Artificial a diversas necesidades sociais como a saúde mental.

Na súa intervención, **Úrsula Martínez** centrouse en explicarl o proceso a seguir nun proxecto de enxeñaría, desde que se pensa en algo ata que se obtén o resultado final. En particular, falou dun proxecto que fixo hai dous anos dun simulador de campo magnético terrestre, ilustrado con vídeos das últimas etapas do proxecto desenvolvido no Spanish User Support and Operations Centre (EUSOC), un centro de investigación espacial da Universidade Politécnica de Madrid (UPM) delegado da Axencia Espacial Europea. Ademais, a enxeñeira aeroespacial explicou as súas prácticas no EUSOC na actualidade traballando no estudo do comportamento térmico de certos materiais na contorna espacial.

A rolda de intervencións rematou coa investigadora galega **Verónica Bolón**, que fixo un percorrido polos seus inicios na etapa escolar e pola súa inclinación temperá polas matemáticas e a física. "Na universidade descubrín que a informática é unha disciplina transversal, con moitas aplicacións e moi interesantes, nas que as matemáticas e a física xogan un papel moi importante", dixo, ao tempo que lembrou que a súa aposta foi unha aposta decidida pola Intelixencia Artificial (IA), departamento dirixido por mulleres na UDC, e desde ese momento forma parte do grupo de investigación LIDIA (Laboratorio de Investigación e Desenvolvemento en Intelixencia Artificial). "Investigar en IA é moi satisfactorio xa que é unha material multidisciplinar e transversal que me permite abordar unha gran variedade de problemas. Teño creado algoritmos para axudar a detectar enfermidades (retinopatía do prematuro, apnea do sono, insuficiencia cardíaca), para detectar vertidos no océano, ataques en redes de computadoras ou mesmo para poder ser aplicados en dispositivos intelixentes do tamaño dun anel", fixo saber.

Máis detalles da celebración

O Día Internacional das Rapazas nas TIC é unha efeméride de ámbito internacional para motivar ás novas xeracións de mozos e mozos a considerar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para o desenvolvemento académico, investigador e profesional.

O evento contou coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas de Galicia (AMITGAL), Asociación.GAL, Facultade de Ciencias da Educación, Woman Emprende e Oficina de Igualdade da Universidade de Santiago, Facultade de Informática da Universidade da Coruña (UDC), Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións da Universidade de Vigo (UVigo) e grupos de mulleres tecnólogas en Galicia como GalsTech e Hello Sisters! ■

Unha celebración os 365 días do ano

AtlantTIC, o CiTIUS e o CITIC conmemoraron con diversas actividades o Día Internacional das Nenas nas TIC

Certame de fotografía e vídeo

O centro AtlantTIC da Universidade de Vigo celebrou o Día Internacional das Nenas nas TIC cun actividade colectiva, participativa, creativa e, sobre todo, reivindicativa. Trátase dun certame de fotografía e vídeo. O prazo de presentación de traballo estará aberto até o 28 de maio. O obxectivo é poñer un gran de área na gran loita mundial contra a desigualdade tecnolóxica, un desequilibrio que se manifesta nunha chea de datos, por exemplo o feito de que só o 6% dos cargos CEO da industria tecnolóxica son mulleres. Con este concurso o centro de investigación únese á manchea de actividades que se organizan baixo a iniciativa internacional #GirlsinICT, orientada a espertar o interese das nenas por ámbitos relacionados coas TIC e que este ano celebra xa o seu décimo aniversario.

Dende AtlantTIC convidan á cidadanía en xeral "a participar neste certame para conseguir amosar coas súas creacións artísticas a presenza feminina no ámbito científico, na enxeñaría e nas Tecnoloxías da Información e a Comunicación, as TIC".

O obxectivo é "fomentar e alentar as vocacións das nenas cara disciplinas STEM e contribuír deste xeito á eliminación da fenda de xénero neste sector".

O certame conta con dúas modalidades, fotografía e vídeo curto.

O prazo para entregar propostas permanecerá aberto ata o 28 de maio ás 14.00 horas e outorgarase un premio económico de 70 € ao mellor traballo en cada unha das modalidades.

As pezas gañadoras serán seleccionadas por un xurado que valorará a capacidade de "crear obras orixinais, artísticas, creativas e con amplo significado", e tamén terán en conta o interese e a adecuación á temática proposta pola organización. As obras gañadoras serán anunciadas a través da páxina web do centro (atlanttic.uvigo.es) o 4 de xuño de 2021.

CITIUS impulsa actividades de divulgación para a rapazada

O CiTIUS da USC adheriuse un ano máis ás celebracións do Día Internacional das Nenas nas TIC, impulsado a nivel mundial pola Unión Internacional das Telecomunicacións. Fíxoo convocando a tres investigadoras que reivindicaron a través de vídeo-conferencia o labor da muller no ámbito tecnolóxico: Andrea Cascallar, Paula López e Eva Cernadas.

As tres relatoras puxeron en valor, ante estudantes de Primaria e Secundaria de diversos centros educativos da nosa terra, a investigación que desenvolven na actualidade como punto de partida para espertar o interese de nenas e mozas nas Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (TIC).

Eva Cernadas compartiu co alumnado as súas inquedanzas sobre a tecnoloxía, un eido que aínda hoxe "segue a ter unha percepción social moi masculina", polo que considera de grande importancia "asociar esta área a valores como a creatividade, moi importantes en enxeñaría". E engadiu: "Non somos conscientes da cantidade de cousas que utilizamos a diario que foron creadas por mulleres".

Paula López, investigadora vinculada e directora adxunta do CiTIUS, propuxo unha charla centrada na física dos píxeles, concretamente sobre os procesos de captación dunha imaxe que acontecen nunha cámara: "Coido que é importante que as alumnas de ESO e Bacharelato tomen conciencia do gran número de oportunidades laborais no ámbito das TIC e, sobre todo, da importancia de poñer de manifesto a presenza feminina nestes ámbitos".

Andrea Cascallar, investigadora predoutoral, dirixiu a súa intervención a alumnado de Bacharelato e Formación Profesional. Na súa opinión "é preciso desenvolver máis iniciativas para tratar de inverter a baixa porcentaxe de mulleres dentro das Tecnoloxías da Información e a Comunicación". Sinalou que "aínda que é moi valioso que se estean realizando este tipo de accións para dar visibilidade, débese profundar tamén nas causas reais da situación". A posibilidade de mostrar o seu traballo a nenas e rapazas "é o mellor xeito de resultar unha área atractiva aos ollo doutras mulleres novas", concluíu.

Na súa edición 2021, o CiTIUS ofreceu un total de cinco encontros pensados para distintas idades, que incluían charlas e obradoiros adaptados aos diferentes niveis educativos.

Das TIC ao ceo

O CITIC e o Consello social da UDC activan un programa para impulsar vocacións tecnolóxicas

Promover vocacións científico-tecnolóxicas entre estudantes de secundaria e bacharelato. Ese é o obxectivo do programa *Das TIC ao ceo*, lanzado polo Centro de Investigación TIC (CITIC) e o Consello Social da Universidade da Coruña, e inaugurado o pasado 22 de abril con motivo do Día Internacional das Nenas nas TIC.

Para lograr este obxectivo, diferentes profesionais de prestixio no ámbito das TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación), todos eles graduados pola Universidade da Coruña, ofrecerán charlas a estudantes de centros educativos, para achegar a súa experiencia no desenvolvemento da súa carreira profesional. Así, buscarase visibilizar casos de éxito para servir como referente e fomentar o interese de cara ás disciplinas STEAM (ciencias, tecnoloxía, enxeñaría, arte e matemáticas, polas súas siglas en inglés). O ciclo desenvolverase ata a finalización do actual curso escolar.

Das TIC ao ceo foi inaugurado por Ana Freire, investigadora, doutora en Informática e profesora na Universidade Pompeu Fabra de Barcelona, onde tamén dirixe o Centro de Estudos de Sostibilidade. É co-fundadora do proxecto Wisibilízalas, recibiu o premio Ada Byron Joven 2019 da Universidade de Deusto e foi seleccionada por Business Insider entre os 23 mozos españois de 35 anos ou menos chamados a liderar a revolución tecnolóxica. Ana Freire explicou a 100 estudantes de 4ª da ESO e 1º de bacharelato do Colexio Calasanz PP Escolapios da Coruña a súa traxectoria e algúns dos proxectos nos que está a traballar actualmente. ■

O delegado da Xunta interésase polos proxectos en Intelixencia Artificial do CITIC

O delegado territorial da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor, visitou as instalacións do CITIC para coñecer algúns dos proxectos de investigación punteiros nos que se está a traballar dende o centro. Acompañado polo vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia da UDC, Salvador Naya, o director e o subdirector do CITIC, Manuel F. González Penedo e Javier Pereira, o delegado da Xunta puido descubrir diferentes proxectos destacados no ámbito da Intelixencia

Artificial, área na que o CITIC é referente na comunidade galega.

Trenor destacou que "o CITIC é un éxito da colaboración entre a Universidade, a sociedade, a Administración e o tecido empresarial", que "marca a diferencia con respecto doutros centros e está a definir o camiño da investigación e da colaboración con empresas para sacar adiante proxectos". Tamén asegurou que "todos os coruñeses e os galegos podemos sentirnos orgullosos deste centro, ao que auguro un futuro moi prometedor".

Cofinanciado pola Unión Europea. Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020. Promover o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e unha investigación de calidade. *Unha maneira de facer Europa*

Fibra e máis fibra

As operadoras dan novos e decisivos pasos para levar Internet de alta velocidade aos centros históricos e ao rural galego

DIGI, presente nas 4 provincias galegas

O operador de baixo custo DIGI, que comezou a ofrecer os seus servizos de acceso á Internet por fibra óptica en Madrid en 2018 e chegou a ás provincias da Coruña e Pontevedra en 2020, completou o seu espallamento xeográfico coa súa estrea nas provincias de Huesca, Teruel, Soria, Palencia, León, Zamora, Lugo e Ourense, de xeito que xa presumen de ter cobertura en toda España. Na súa páxina web teñen un sistema de comprobación de cobertura da súa rede de fibra óptica, polo que en poucos segundos podemos saber se podemos beneficiarnos das súas ofertas.

DIGI é unha das compañías coas tarifas máis axustadas de España, aínda que cómpre advertir que o seu servizo de Internet fai uso de CG-NAT, o que pode dar problemas para certos usos, aínda que ofrecen a posibilidade de contratar unha Conexión Plus por 1 euro/mes, garantindo así un enderezo IP exclusivo para o acceso á Rede.

A oferta de DIGI achega conexións de fibra simétricas de 300 Mbps por 25 euros/mes e de 1 Gbps por 30 euros/mes, podendo engadir á conexión un teléfono fixo por 1 euro/mes ou un fixo con chamadas ilimitadas e 500 minutos internacionais por 3 euros/mes. A estes contratos é posíbel agregar até 6 liñas móbiles que parten dos 2 euros/mes.

Actualmente DIGI fai uso da rede móbil e de fibra óptica de Movistar, aínda que sen contar aínda con cobertura de fibra en todo o territorio, o que parece atender a unha estratexia de crecemento controlado. ■

Condicións preferentes para os comerciantes da zona vella de Compostela

A Asociación Empresarial Compostela Monumental e a empresa de telecomunicacións Orange Duatel formalizaron en abril un acordo de colaboración para permitir que o comercio e as empresas do centro histórico de Santiago poidan "ter uns servizos de telefonía e fibra óptica en condicións preferentes".

Lembrar que a dita operadora é a responsábel do recente despregue de tecnoloxía FTTH nos barrios antigos da cidade, uns traballos abeirados ao plan do Concello e axencia AMTEGA para dotar de Internet de alta velocidade o centro compostelán (onde aínda non se contaba con este servizo) respectando ao máximo o patrimonio e a estética da contorna.

O plan, cuxas metodoloxías e resultados son susceptíbeis de seren aplicadas noutras zonas históricas de Galicia, atópase neste intre na súa última fase.

Volvendo ao acordo asinado con Orange, a patronal da zona monumental da capital de Galicia sinala que con esta alianza ve cumprida unha das súas máximas aspiracións: a de lograr quitar a contorna histórica da cidade do apagamento tecnolóxico "que vén sufrindo dende hai máis de 20 anos".

Para José Manuel Bello Rey, presidente de Compostela Monumental, "hai que agradecer á Xunta de Galicia, tanto a RETEGAL, AMTEGA e Patrimonio, como ao Concello de Santiago e ao Consorcio, que permitisen que reinase o sentido común e o traballo conxunto para que ao final se poida cumprir co que nos prometeron hai case un ano e medio. Ao fin os comerciantes e empresarios da zona poderemos contar cuns servizos de telefonía e Internet adecuados ao século no que vivimos. Levabamos esperando case 20 ano. Máis vale tarde, que nunca".

O acordo, como dixemos, permitirá que "no menor prazo de tempo posíbel" todos os comerciantes e empresarios da zona, póndose en contacto con Compostela Monumental, poidan ser beneficiarios das condicións preferentes acordadas, e que están contempladas en varios paquetes personalizados segundo o tipo de comercio ou peme, e as súas necesidades en materia tecnolóxica. Todas as persoas autónomas, comerciantes, empresarios e profesionais do centro histórico interesados en poder tirar proveito do devandito acordo, deberán facelo enviando os seus datos á conta de correo gerente@compostelamonumental.es. ■

Rede avanzada para máis de 1.000 vivendas de Xove

A operadora Adamo fixo un novo balance dos seus traballos para levar cobertura de fibra óptica e Internet de alta velocidade aos concellos de Lugo. No que respecta a Xove, a compañía vén de informar de que máis dun milleiro de vivendas e empresas do termo municipal mariñán xa contan co tido servizo. A cifra incrementarase en datas vindeiras, xa que Adamo prosegue arestora cos seus traballos para equipar os núcleos de Xove coa que sería, nas súas palabras, "a fibra óptica máis rápida que existe hoxe no mercado, cunha taxa de 1.000 Mbps.

Adamo conta para este despregamento coa colaboración das autoridades locais e, en particular, do alcalde, Demetrio Salgueiro. Iso quedou de manifesto na presentación do servizo que proporciona o operador de telecomunicacións efectuada por David Llano, responsábel de Adamo en Galicia, aos representantes municipais.

"Como alcalde, podo dicir que o obxectivo de que Xove puidese dispor de conexión de alta velocidade de calidade sempre foi unha prioridade para o concello. Nese sentido, a chegada de Adamo cumpre perfectamente as expectativas municipais e este fito, a maiores, suporá un antes e un despois para moitos veciños, que agora poderán dispor dun servizo que até hai pouco se vía imposible e que servirá para mellorar a súa calidade de vida, ao poder dispor dun bo acceso a Internet. Ao mesmo tempo, posibilitará o asentamento de poboación nos núcleos rurais que, en moitas ocasións, sofren unha perda de habitantes precisamente por carecer de servizo", explicou o rexedor na citada reunión.

A dereita Demetrio Salgueiro, alcalde de Xove e David Llano, responsable de Adamo en Galicia

Desta maneira, o operador prosegue co seu desenvolvemento en Lugo, provincia na que xa fornece sinal a 50.000 fogares. Entre outros concellos, en Begonte, Cervo, A Fonsagrada, Barreiros ou Foz, así como na parroquia de Celeiro.

Este paso en Xove enmárcase na aposta da compañía pola provincia, na que instalará Internet de alta velocidade para 26.530 inmóbeis ao longo de 2021 e 2022. Sumados ás 50.000 actuais, Adamo alcanzará un total que pasa as 76.500 vivendas na súa rede lucense durante o vindeiro bienio. ■

R aumentou a capacidade da súa rede en oito concellos da comarca do Salnés

O operador galego R aumentou a capacidade da súa rede en oito concellos da comarca do Salnés, concretamente en Cambados, Meaño, Meis, Ribadumia, O Grove, Sanxenxo, Vilanova e Vilagarcía de Arousa.

Nestes meses, R estivo a traballar na ampliación e mellora da súa infraestrutura, instalando novos equipos nos nodos de conexión que lles dan servizo a estas áreas, sobre todo en Sanxenxo e Vilagarcía de Arousa. De feito, isto permitiu dotar a súa rede de maior capacidade e fortaleza para responder "dun xeito máis áxil e estábel" ao aumento de tráfico en Internet e á demanda doutros servizos de telecomunicacións que se vén producindo dende o inicio da pandemia.

Tamén na Costa da Morte

R tamén fixo balance dos seus traballos desenvolvidos na Costa da Morte e Bergantiños para dotar aos concellos de fibra óptica e Internet de alta velocidade. Segundo fixo saber, aumentou a capacidade da súa rede en seis municipios (A Laracha, Carballo, Cee, Corcubión, Fisterra e Malpica de Bergantiños), instalando novos equipos nos principais de conexión, concretamente nos núcleos troncais de Carballo e Cee. Isto traduciuse nunha mellora nos servizos en máis de 23.500 fogares destas localidades.

As melloras tradúcense en maiores parámetros de capacidade e fortaleza para "responder máis áxil e eficazmente ao incremento na demanda de Internet e doutros servizos de telecomunicacións que se vén producindo dende o inicio da pandemia, hai xa un ano". Así, o fortalecemento da rede amplía as posibilidades de atender do mellor xeito posíbel aos "novos aumentos do consumo de Internet, TV e telefonía que poidan producirse de agora en diante". ■

Xela Arias: o corazón da palabra

O Día das Letras Galegas deste ano está adicado a Xela Arias, poeta tradutora, editora, docente e sobre todo muller libre que viviu só 41 anos, tempo que ela demorou por e para a súa paixón, a lingua galega

O Día das Letras Galegas é un día de festexo para a nosa lingua, máis polo miúdo a través da súa vertente literaria. Comezou a celebrarse o 17 de maio do 1963, coincidindo co centenario da primeira edición de *Cantares gallegos,* de Rosalía de Castro. Semella contraditorio que este Día fora concibido a raíz dunha obra feminina como a de Rosalía e ata este ano 2021, dos 61 autores homenaxeados só 5 fosen mulleres, cómpre ollar cara adiante e ver que as tornas van mudando, pois esta será a edición que avive a voz da poeta Xela Arias, non falamos de feminismo (aínda que poderiamos facelo) falamos de xustiza equitativa poética e Xela ben merece unha xornada das Letras Galegas. Elixida por méritos propios, defensora como era da palabra exacta e en galego, unha outsider de Sarria que amosaba un amor desobediente con respecto ao establecido, apostaba pola nosa fala, un pulo rebelde que quería abrir fronteiras dende a nosa terra cara o universo da literatura en todos os idiomas, pois ela traduciu obras internacionais ao galego cun aquel de espírito inconformista e coa vontade de situar a nosa lingua ao nivel de calquera outra do mundo.

Vida de Xela

Xela Arias Castaño, nacía en Sarria o 4 de marzo de 1962 e finaba en Vigo o 2 de novembro de 2003 dun ataque ao corazón. Foi poeta, tradutora en varias linguas, editora, e profesora, ligada a Edicións Xerais de Galicia. En 1992 casou con Xulio Gil Rodríguez con quen en 1994 tivo o seu único fillo, Darío. A súa andaina está vinculada ao devir cultural galego dos anos 80 e 90 en todas as facetas que ela tocou na súa vida: poeta, tradutora, activista (Greenpeace, Nunca Máis, Contra a Burla Negra, Contra a Guerra de Iraq...) editora e docente. É a maior de cinco irmáns, o seu pai Valentín Arias (tamén poeta e tradutor) e a súa nai Amparo Castaño trasládanse cando Xela ten sete anos a Vigo, cidade na que transcorrerá o resto da súa vida. Estuda bacharelato, comeza a publicar en xornais e revistas (Faro de Vigo, Jornal de Noticias de Porto, Dorna, Tintimán, Carel...), participa en recitais poéticos e diversas iniciativas culturais. Nos 80 comeza a traballar en Edicións Xerais de Galicia, entre 1990 e 1996 é correctora de estilo e editora das colección Xerais Universitaria e Biblioteca de Autores Galegos. Logo de once anos de traballo editorial retoma os estudos e en 1996 licénciase en Filoloxía Hispánica. Nos últimos anos da súa vida exerce a docencia en distintos institutos de Galiza.

Obra

Cultivou varios xéneros: narrativa *(Non te amola!),* poesía (*Denuncia do equilibrio; Lilí sen pistolas; Tigres coma cabalos; Darío a diario; Intempériome; Maldito lindo; Xela Arias*. Poesía reunida) e numerosas e importantes traducións ao galego como por exemplo: *Amor de Perdição*, de Camilo Castelo Branco; *Contos ó teléfono*, de Gianni Rodari; *O bosque animado*, de Wenceslao Fernández Flores; *As bruxas*, de Roald Dahl; *Dublineses*, de James Joyce; *O enxeñoso fidalgo don Quixote da Mancha*, de Cervantes; Drácula, de Bram Stocker; *O Spleen de París* de Charles Baudelaire, entre outras moitas obras de idiomas que van dende o castelán, o portugués, o francés, o italiano,o inglés ou o neerlandés.

Unha muller de palabra

Pechamos esta pequena homenaxe a Xela Arias coas súas propias palabras, ela xa non está aquí pero déixanos o seu legado para que a leamos e pensemos e falemos en galego:

Escribo en galego porque estou aquí e, desde logo, Galicia pertence, aínda, aos derrotados. ■

Na Rede a mostra da nenez da poeta de Sarria

Estes días podemos ver no Portal da Lingua (o portal www.lingua.gal da Secretaría Xeral de Política Lingüística) a mostra Aquela nena de Sarria, un proxecto desenvolvido polo Colectivo Egeria para dar a coñecer a figura de Xela Arias, a quen se dedica este ano o Día das Letras Galegas, que conta co patrocinio da Consellería de Cultura, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, no marco da programación institucional das Letras Galegas 2021, e tamén coa colaboración do Concello de Sarria e da Real Academia Galega.

Aquela nena de Sarria, composta por doce paneis, reflicte o tempo sarrián e lucense de Xela Arias, a súa querenza pola vila lucense e o rural, o seu vencello co idioma galego e o empeño en que se recoñecese Xela como o seu nome real. Complétase con poemas dirixidos a Xela por alumnos e alumnas dos institutos sarriáns Xograr Afonso Gómez de Sarria e Gregorio Fernández, por poetas locais, así como de compañeiras poetas galegas que seguen os camiños que Xela trazou e ata un conxunto de Vilariñas, especiais micropoemas con imaxes cos que un grupo de membros da Nova Poesía Guitírica honra a Xela no seu ano.

Dispoñíbel como diximos desde o Portal da Lingua Galega, inclúe fotografías facilitadas pola familia de Xela e unha serie de debuxos da pintora lucense Sabela Arias, que conforman un especial complemento ás fotografías que foron o punto de partida da autora para este traballo.

A exposición está neste intre facendo un percorrido por diferentes espazos da nosa terra. Este itinerario pode consultarse tamén en www.lingua.gal ou na web do Colexio Egeria (colectivoegeria.org)

Vida e obra dunha escritora galega, ao completo

Política Lingüística pon o foco nas redes para dar a coñecer o legado da poeta homenaxeada este 17 de maio

Xornadas *online* para a comunidade educativa

O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, inaugurou o pasado 24 de abril a Xornada das Letras Galegas, un programa *online* de catro sesións para celebrar a festividade do 17 de maio, que este ano, como lembraremos, vai adicada á poeta sarriá Xela Arias. O ciclo inaugurouse no Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI), co-organizador do mesmo xunto coa Secretaría Xeral. As sesións teñen o nexo común da súa virtualidade e de achegar a figura, vida e obra da autora anfitrioa deste 17 de maio ao noso profesorado e ao resto da comunidade educativa.

Todas as sesións formativas e divulgativas deste programa estanse a desenvolvéronse de maneira virtual nas tardes do 22 e 29 de abril e mais do 5 e 13 de maio.

"Esta xornada é xa unha das citas máis agardadas da programación conmemorativa das Letras Galegas, onde docentes, especialistas e artífices de experiencias educativas arredor da figura homenaxeada ou creadores en xeral compartides e poñedes en valor materiais, recursos e creatividade que enriquecen as aulas e fan partícipe ao alumnado da celebración da festa da nosa lingua", destacou o secretario xeral, Valentín García, na apertura oficial, salientando a oportunidade de "celebrar unha das voces máis destacadas da poesía galega contemporánea, autora auténtica, figura transgresora e escritora anovadora tanto na estética como na poética, que sempre situou no horizonte a lingua galega e a dignificou, tamén desde as aulas, ás que dalgunha maneira volve Xela Arias, por medio destas xornadas".

O secretario xeral estivo acompañado de Darío Gil Arias, fillo da autora homenaxeada, e de Henrique Monteagudo Romero, presidente en funcións da Real Academia Galega.

As sesións culminarán o xoves 13 de maio compartindo as experiencias dos EDLG, a través dos proxectos gañadores do Concurso-Exposición Letras Galegas 2021: *Xela Arias e as palabras,* do CEIP Plurilingüe de Porto Cabeiro de Redondela (Pontevedra), e *Abecedáriome: un dicionario desequilibrado para Xela Arias*, do IES Plurilingüe de Ames (A Coruña). A elas seguiranlles as propostas didácticas *Deconstruír o equilibrio, reconstruír a perspectiva: propostas para abordar a poesía de Xela Arias nas aulas*, da man da escritora e Emma Pedreira e a conferencia *Dignidade ou como Xela Arias sofre pola terra nosa*, a cargo de Anxo Xoán Rajó Pazó.

Arredor dunha poeta

A Rede galega é estes días un fervedoiro de iniciativas para conmemorar á autora de *Tigres coma cabalos*

Programa virtual Letras Galegas 2021

A programación prevista como homenaxe a Xela Arias abrangue unha chea de iniciativas de participación social e cultural, de fomento da igualdade e a integración, accións musicais e actividades no ensino e tamén iniciativas para a galeguidade no exterior. Boa parte das iniciativas teñen unha clara vertente virtual, como a mostra *Aquela nena de Sarria*, da que falamos nas páxinas anteriores e que tamén pode verse presencialmente, ou tamén *Xela Arias. Fotogalerías. Retratos de autor*, unha proposta que, igual cá anterior, pódese ver no Portal da Lingua Galega (lingua.gal) da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que ofrece unha fotogalería con preto de 30 imaxes da poeta de Xulio Gil, autor dalgúns dos retratos máis coñecidos de Xela Arias.

Os equipos de dinamización da lingua galega dos centros educativos de Galicia tamén están a impulsar iniciativas e elaborar recursos para dar a coñecer a autora homenaxeada, a súa obra e o seu compromiso coa lingua galega, iniciativas como unidades didácticas, calendarios, marcapáxinas, crebacabezas, presentacións, xincanas, exposicións, festivais, pasapalabras, vídeos, podcast, telexornais, cancións ou videopoemas.

A todas estas accións cómpre sumar o concurso de rap en galego *Lingua de Rapear,* impulsado por Política Lingüística e a Dirección Xeral de Xuventude, ou o espectáculo poético-musical *Vencerse é cousa de se tratar,* que se poderá ver na Rede e que fai realidade o desexo de Xela Arias de levar ao escenario a súa derradeira obra, *Intempériome*, un proxecto que nunca puido ver cumprido.

Ademais, a Cidade da Cultura acolle en maio unha actividade de lectura participativa para difundir a obra de Xela Arias coa que se realizará unha peza audiovisual para visualizar o legado da escritora nas redes sociais.

Tamén destaca a elaboración e difusión dunha trintena de píldoras audiovisuais arredor de Xela Arias con testemuños de familiares, amigos e persoeiros da cultura galega ou, tamén, un innovador proxecto de *videomapping* que proxectará versos e imaxes da autora en 25 edificios e emprazamentos significativos de toda Galicia.

Ademais, o Portal das Palabras impulsado pola Real Academia Galega, así como a da Consello da Cultura Galega (culturagalega.gal), ou a da CRTVG (crtvg.gal), incluirán contidos específicos no universo vital e literario de Xela Arias.

Tamén haberá propostas musicais. Entre outras, o 16 de maio terá lugar o tradicional Concerto das Letras Galegas promovido polo Consello da Cultura Galega que unirá textos e música a cargo de PicoAmperio e Laura LaMontagne, nunha proposta estética audiovisual innovadora. Co apoio da Xunta, a Banda da Loba lanza un novo EP *Hasme Oír,* que verá a luz no mes de abril.

Toda a programación pode consultarse no Portal da Lingua (lingua.gal) e en cultura.gal. ■

O CCG enriquece as celebracións cunha web sobre a autora

O Consello da Cultura Galega presentou alá polo mes de marzo as novidades tecnolóxicas (e non tecnolóxicas) que está a impulsar para conmemorar a figura de Xela Arias (Lugo, 1962-Vigo, 2003), a poeta homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas. O programa do CCG é un programa que xorde directamente das características que máis definiron a escritora homenaxeada, "unha escritora extrema, de palabra tensa e contida, plural e diversa". Estas son as marcas de identidade que guían a axenda do CCG para 17 de maio, que inclúe a posta en marcha dunha completa páxina web adicada á vida e á obra de Xela Arias, consellodacultura.gal/diadasletrasgalegas/2021/.

A páxina en cuestión é un especial en liña dinámico e plural que serve, entre outras cousas, para concentrar a información da institución arredor desta celebración. Entre os materiais destaca o documental *Xela e a palabra*, encargado polo Consello da Cultura Galega en 2014 para prestar atención ao valor que a palabra tiña para autora e tamén ao traballo de tradución e edición que exerceu en Edicións Xerais de Galicia.

Terceiro certame de *podcasts* Radio na Biblio

Co gallo das celebracións do Día das Letras Galegas 2021, a Xunta e a Radio Galega convocaron a terceira edición do Concurso de Podcasts – Radio na Biblio, que este ano é un chamamento a realizar traballos creativos arredor da figura da poeta Xela Arias, homenaxeada este ano na festa do 17 de maio. A finalidade é "estimular a elaboración de produtos radiofónicos por parte dos estudantes, enfocados a salientar a riqueza do patrimonio lingüístico galego, especialmente vinculados á lectura de poesía galega ou ao mundo do libro, da edición e da tradución".

Poderán participar neste concurso os 109 centros públicos participantes no co programa Radio na Biblio, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, así como outros centros que traballan xa co laboratorio de radio como ferramenta pedagóxica.

Por certo que na segunda edición do certame participaron 21 centros educativos que enviaron un total de 29 traballos.

Os centros gañadores nas distintas modalidades recibirán unha asignación extraordinaria de 1.000€ para melloras no laboratorio de radio ou para actividades relacionadas co funcionamento do mesmo, sempre vinculado á biblioteca do centro. Así mesmo, poderán visitar as instalacións da Radio Galega en Santiago de Compostela. Os *podcasts* premiados serán emitidos por esta emisora; á súa vez, serán difundidos a través da súa páxina web e da canle dixital do Diario Cultural.

A Deputación da Coruña impulsa a iniciativa #Librosparasermoslibres

Unha parte relevante das celebracións do 17 de maio do departamento de Cultura da Deputación da Coruña vai ter lugar nas redes sociais. Nesta axenda destaca unha nova edición de Libros para Sermos Libres, co-impulsada pola área de Normalización e co punto de vista posto na celebración e reivindicación do legado de Xela Arias (homenaxeada no Día das Letras) e, por extensión, na nosa lingua e na nosa cultura.

Máis polo miúdo, a iniciativa #Librosparasermoslibres difundirá a través da Rede contidos relacionados co mundo editorial dirixidos a fomentar a lectura en galego. A campaña recollerá en vídeo mensaxes de apoio de caras recoñecíbeis ao noso mundo editorial. Asemade, farase referencia aos distintos premios cos que a Deputación fomenta a creación na nosa lingua (www.dacoruna.gal/cultura/premios).

A iniciativa ten de partida o mellor dos precedentes: o éxito da experiencia levada a cabo o ano pasado, auspiciada polo *boom* das redes sociais motivado pola pandemia e, tamén, pola vontade xeral de reivindicar a gran cantidade de ingredientes saudábeis que teñen os libros para mitigar calquera tipo de adversidade (por exemplo a da COVID-19).

Ao abeiro de #Librosparasermoslibres, sortearanse bonos-libros que as e os internautas poderán utilizar en calquera libraría da provincia da Coruña que elixan.

Cultura da Deputación convicará a enviar fotos ou micro-vídeos (máximo 1 minuto). As persoas participantes recomendarán unha obra en lingua galega coas etiquetas #fiestrasabertas e #librosparasermoslibres. Sortearanse 21 bonos-libros de 100 euros que as persoas gañadoras poderán empregar en calquera libraría da provincia da Coruña. Como medida simbólica de apoio a este sector, o importe total destes bonos increméntase un 40% con respecto á primeira edición. ■

Na Rede tamén en galego

Política Lingüística porá o foco en ámbitos específicos como Internet, as redes sociais e as áreas urbanas

O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, presentou no Parlamento as liñas de traballo da área autonómica que dirixe, que aumenta o seu orzamento un 53%. Segundo fixo saber unha das grandes prioridades de actuación será o fomento da nosa lingua nas familias e na mocidade. Para isto, porase o foco nas redes sociais e nas novas ferramentas, recursos de gran presenza nos fogares e moi empregados polas novas xeracións.

Como indicou, este incremento na Consellería de Cultura, Educación e Universidade "fai posíbel que a lingua galega vaia a estar aínda máis presente nos espazos de socialización da mocidade". O secretario xeral recordou que os últimos datos do Instituto Galego de Estatística "constatan que hoxe falan galego máis persoas en Galicia que hai cinco anos e que o galego se reforza como lingua maioritaria". Para dar continuidade a estes traballos, avanzou que os esforzos "focalízanse agora en eidos específicos como Internet, as redes sociais e as zonas urbanas".

Tamén tivo palabras para debullar as distintas liñas en marcha en colaboración coas universidades galegas para "estudar e analizar as interaccións nas redes sociais coa lingua galega", sendo a previsión intensificar a programación cultural que fomente o noso idioma nos fogares.

Asemade fixo mención ao aumento orzamentario previsto para os programas de promoción do galego así como para actividades de formación, cun incremento neste caso superior ao 77% que inclúe facilitar a súa realización a través dun novo modelo de probas CELGA en liña.

Salientou tamén a utilidade de ferramentas como o Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 21-22, do que está en marcha a segunda convocatoria, e "que na súa primeira edición facilitou máis de 300 proxectos culturais en galego". ■

No Portal da Lingua a nosa primeira banda tecno da historia

V Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística, e os actores Isabel Risco e Fran Rei presentaron as contribucións ao Portal da Lingua (lingua.gal) e ao Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 21-22 da que sería a primeira banda tecno galega, o Dúo Vaguedades. Trátase dunha serie de pezas musicais nas que Risco e Rei mesturan humor e música personificados en Rosalía de Castro e Eduardo Pondal. A presentación celebrouse en abril na Biblioteca Pública Ánxel Casal de Santiago.

No acto, García felicitou aos actores polo traballo que achega, "con grande enxeño, coñecemento e moito humor, moitas das características que nos fan sentirnos identificados como galegos e galegas e algúns dos fitos máis destacados da historia, da literatura e da cultura galegas".

O proxecto, desenvolvido por Artefeito, componse de cinco audiovisuais *(Dubidar, Falar por falar, Rexurdimento, Verbos compostos e Cultura nas verbenas)* que inclúen cadanseu vídeo-clip do Dúo Vaguedades, formado por Rosalía de Castro (Isabel Risco) e Eduardo Pondal (Fran Rei), que percorreron as verbenas do país entre 1857 e 1867 coa súa música.

Gañadoras e gañadores de Lingua de Namorar

O O pasado 21 de abril déronse a coñecer os nomes das mozas e mozos premiadas/os no certame *Lingua de Namorar.* Segundo fixeron saber as entidades organizadoras do concurso (a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Xuventude), a décima edición obtivo unha importante participación na votación da nova categoría Instagram.

En concreto, na categoría A (de 14 a 19 anos) resultaron gañadores os textos *Penso en ti* (María Rey Villar, A Coruña), *Sol e Lúa* (Lucas Paz González, A Coruña) e *Marfil do meu corazón* (Diego Santos Santos, Ribeira); mentres que na categoría B (de 20 a 35 anos) foron elixidos polo xurado *Rea(r)mar* (Lara Álvarez Álvarez, Redondela), *O fío da vida* (Leticia Cid Cid, San Cibrao das Viñas) e *KÓX3GΔS* (Andrea López Otero, Pantón).

Na nova categoría IG acadou a maioría de *gústames* do público (un total de 765) de entre as seis mensaxes participantes elixidas polo xurado o texto *Saudando a vida* (José María Trigo González, Cambados).

CPI, unha fórmula de éxito

Os proxectos de Compra Pública Innovadora impulsados por Galicia mobilizaron 250 millóns de euros

O pasado 23 de abril, a Xunta de Galicia a través da directora da Axencia Galega de Innovación (Gain) celebrou *online* a presentación do Living Lab de Compra Pública de Innovación do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), que constitúe un laboratorio de ideas para fomentar o uso da Compra Pública de Innovación (CPI) como instrumento "para transferir os resultados da ciencia e dar resposta ás necesidades do sector público en beneficio da sociedade". Na mesa redonda da presentación participou a directora da Axencia Galega de Innovación (Gain), Patricia Argerey, quen lembrou que Galicia lidera o ámbito da CPI en España con proxectos en execución por importe de 250 millóns de euros no transcurso da última década.

Argerey tamén salientou os beneficios da metodoloxía CPI, "unha fórmula que non só permite que as empresas fagan I+D+i, valorizando os resultados da ciencia feita no país, senón que, ademais, facilita ás administracións dar resposta, desde a innovación, aos retos actuais, o que permite prestar uns servizos mellores e máis eficientes".

Segundo fixo saber, entre 2007 e 2013, Galicia concentrou o 40% do investimento total en proxectos de CPI en España e na última década, executáronse na Comunidade 250 millóns de euros en proxectos de CPI. A modo de exemplo, Patricia Argerey sinalou que dúas iniciativas do SERGAS, Hospital2050 e InnovaSaúde acadaron o 2º Premio Europeo de Compra Pública Innovadora, así coma o Premio Nacional de Innovación e Deseño na categoría de CPI. Este último recoñecemento, dixo, tamén foi acadado pola Civil UAVs Initiative, que contempla investimentos no sector aeroespacial no eido dos vehículos non tripulados orientados a mellorar as prestacións dos servizos públicos, como a loita contra incendios, salvamento marítimo ou seguridade da frota pesqueira, entre outros, e que ten como un dos seus piares fundamentais a Compra Pública Innovadora.

"Desde o seu lanzamento en 2015, a Civil UAVs Initiative mobilizou 164M€ de investimento público-privado desenvolvidos en máis de 50 proxectos, nos que veñen traballando máis de 800 persoas e se xeraron 6 patentes", dixo a directora de Gain.

A directora de Gain amosouse convencida de que a CPI é o gran instrumento de apoio á I+D, entre outros motivos "porque permite que administracións e empresas compartan o risco, posibilitando así que saian adiante proxectos que doutro xeito serían dificilmente asumíbeis polas empresas". E engadiu: "Hai patentes que non chegan ao mercado e iso é un luxo que non nos podemos permitir". ■

Principia, unha aposta pola investigación inclusiva e igualitaria

Patricia Argerey presentou o pasado 12 de abril os detalles da sexta edición do programa Principia, unha iniciativa para impulsar o emprego xuvenil (prevese a contratación de 100 mozas e mozos) e o talento investigador galego que pide paso (con este talento fortalecerase a capacidade de I+D das empresas e centros de coñecemento), ao tempo que libera de obstáculos o camiño da contratación das mulleres e as persoas con diversidades funcionais.

O programa contempla axudas por importe de 10.000€ por contrato que se poden complementar cun bono de formación de 1.000€ adicionais. Cun orzamento total executado de preto de 4,5M€ e un total mobilizado de máis de 13M€, ao longo das cinco edicións anteriores realizáronse 542 contratos de calidade a persoas de ata 35 anos que se integraron en 282 entidades beneficiarias, o 78,9% delas empresas. De todos eles, 318 (58,67%) foron contratos indefinidos desde o inicio.

Patricia Argerey salientou a vontade de Principia de botar abaixo barreiras á integración e á igualdade, xa que, entre outras cousas, busca "incentivar a contratación tanto de mulleres como de persoas con diversidade funcional que desexen orientar a súa carreira profesional ao campo da innovación".

No *webinario* interviñeron tamén dúas empresas beneficiarias do programa Principia en anteriores edicións *(Sociedad para el tratamiento de aguas residuales e tamén Comida sana, rápida e barata)*, que expuxeron as súas experiencias, poñendo de manifesto que nesta iniciativa teñen cabida empresas de todos os sectores e tamaños.

Innovar é unha forma de resistencia

As nosas empresas apostan por transformar o noso xeito de traballar, interactuar e comunicarnos

A UDC xa instalou 60 medidores intelixentes de CO_2

Crear espazos seguros para os escolares a través dunha medición intelixente da calidade do ar. Este é un dos grandes obxectivos do proxecto impulsado dende novembro pola Universidade da Coruña e o seu Centro de Investigación TIC (CITIC) e do este mes de abril tivemos ocasión de coñecer novos e interesantes detalles. Por exemplo o feito de que a Universidade da Coruña sexa pioneira a nivel estatal nunha iniciativa de Intelixencia Artificial destas características ou que xa fora quen de instalar no seu seo 60 medidores de interior (e referencias exteriores) e unha infraestrutura de rede que permite rápidas redistribucións das zonas de medición en base a campañas nos diferentes campus e edificios concretos.

O obxectivo do proxecto é medir o dióxido de carbono (CO_2) nos espazos da UDC, coa instalación de dispositivos que fagan seguimento do nivel de concentración de CO_2 en diferentes dependencias universitarias como aulas ou bibliotecas, "coa finalidade de garantir espazos de estudo e traballo seguros".

A iniciativa, coordinada polo adxunto do reitor para Tecnoloxías da Información e as Comunicacións, Carlos Escudero, catedrático da área de Teoría do Sinal e Comunicacións do departamento de Enxeñaría de Computadores, conta coa colaboración do Servizo de Informática e Comunicacións, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais e o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e a Comunicación (CITIC) a través dun proxecto COVID de GAIN (CEDCOVID, Ciencia e Enxeñaría de datos para a avaliación, predición poboacional e personalizada da evolución da enfermidade COVID-19).

O proxecto inclúe a instalación de dispositivos avanzados de medición de CO_2. A información proporcionada recóllese de forma centralizada para establecer patróns e poder actuar en tempo real a través de sistemas de comunicación da Internet das Cousas (IoT). Segundo explican a UDC e o CITIC, a valoración da presenza de dióxido de carbono é "clave para controlar a calidade do aire e a concentración de aerosois provocados pola COVID-19 en recintos pechados". ■



O Mercado de Pontevedra contará cun avanzado sistema de control de aforo

O Mercado de Abastos de Pontevedra vai contar en datas vindeiras cun avanzado sistema informático de control de aforamento e cálculo de persoas con visualización en tempo real. A iniciativa vén da man da Concellería de Promoción Económica, que destinou un orzamento de máis de 7.000 euros para a súa contratación. A tecnoloxía estará emprazada nas principais entradas do Mercado. A empresa encargada de facelo será o grupo Almas Industries.

O sistema contará cunha pantalla dotada dun software de xestión NVR (gravación de vídeo en rede), disco duro e monitores de aforo. Este conxunto de equipos, explicou a empresa, "proporcionará unha precisión do 95% e unha área de detección de até dous metros grazas á instalación de dúas cámaras na entrada principal e unha cámara na saída". ■

En marcha o Portal da Investigación da USC

A Universidade de Santiago vén de pór en marcha o seu Portal da Investigación (investigacion.usc.gal), logo dun período de probas de dous meses, co obxectivo de difundir, dar visibilidade e transferir á sociedade os resultados das actividades de investigación dos seus campus (o compostelán e o lucense).

Segundo fai saber a USC, este novo espazo facilita o acceso ás publicacións e datos de I+D, contribuíndo aos obxectivos da ciencia aberta, ao tempo que establece "unha relación entre o financiamento e os seus resultados, realizando un exercicio de transparencia ao tempo que mellora a visibilidade e o impacto da institución".

A páxina permite explorar o persoal investigador nas unidades organizativas definidas pola USC ou facer unha procura específica na caixa de busca. Ademais, achega a posibilidade de explorar os diferentes grupos que integran o tecido investigador da Universidade. ■

IA para o Auditorio e Palacio de Congresos Mar de Vigo



O Auditorio e Palacio de Congresos Mar de Vigo veñen de implantar o sistema de produción automática Tiivii, desenvolvido pola empresa galega Cinfo, con sede na Coruña. Segundo informan fontes da firma, a instalación desta tecnoloxía "permitirá as actividades programadas por medio dun sistema de retransmisión en directo de forma totalmente automatizada e sen necesidade de intervención humana".

O sistema Tiivii, engade Cinfo, pon ao Auditorio e o Palacio de Congresos de Vigo na vangarda da innovación para poder desenvolver eventos de maneira telemática.

Instalado no hall e na sala polivalente do Auditorio, a tecnoloxía implementada permitirá dar unha viraxe á metodoloxía usada até agora para achegar ao público os diferentes concertos, conferencias e espectáculos, "ao complementar as actividades por medio dun sistema de retransmisión en directo automatizada e sen necesidade de intervención humana a través do uso de cámaras intelixentes que producen eventos de calidade en cuestión de minutos", explican fontes de Cinfo, engadindo que o produto inclúe soporte para medios gráficos, locucións, mestura de vídeo e mesa completa de produción na nube reforzada por Intelixencia Artificial. ■

Cangas estreou nova *app*, desenvolvida por Evelb

A empresa galega Evelb, especialista no desenvolvemento de ferramentas tecnolóxicas avanzadas, comunicou a posta a disposición da cidadanía da nova aplicación móbil do Concello de Cangas, que xa está accesíbel para a súa descarga e que ten o obxectivo de engadir un extra de "transparencia e accesibilidade" á relación entre a Administración local e a veciñanza, ao tempo que pon en xogo un recurso eficaz para a resolución de incidencias e, tamén, para impulsar o turismo.

Ademais, segundo destaca Evelb, a *app* ten a vantaxe dun alto potencial de dinamismo e capacidade de adaptación: poderá evolucionar afacéndose ás necesidades e demandas que vaian xurdindo no tempo.

A app, dispoñíbel tanto para dispositivos con iOS como con Android, conta cun deseño sinxelo no que as seccións están perfectamente diferenciadas por categorías e cores, dando resposta deste xeito á demanda de crear un produto que favoreza "a transparencia e accesibilidade directa aos veciños, ao mesmo tempo que nos permite dar a coñecer o municipio en todos os seus puntos e axiliza a detección de incidencias que temos que solucionar", tal e como detalla Victoria Portas, alcaldesa de Cangas. ■

Docuten migra os seus servizos a Microsoft Azure

Docuten, referencial plataforma galega de dixitalización administrativa, vén de dar un novo e decisivo impulso á excelencia dos seus servizos de sinatura dixital e factura electrónica. Fíxoo coa súa migración a Microsoft Azure, un movemento estratéxico que, en palabras da empresa galega, "non só afianza unha garantía plena de seguridade senón que tamén permitirá a Docuten integrarse plenamente na rede de *partners* de Microsoft". Con esta migración, de feito, a empresa convértese nun dos principais fabricantes de software con solucións de sinatura dixital avalado pola multinacional de Windows en España.

O obxectivo común de ambas as compañías é "a mellora continua da dixitalización nas empresas". ■

Mestrelab loce capacidade de desenvolvemento

Os días pasados a empresa compostelá Mestrelab mostrou ao vicepresidente económico Francisco Conde os detalles da súa tecnoloxía, un software que están utilizando as principais farmacéuticas que desenvolven a vacina contra a COVID-19. "Iniciativas como Mestrelab", sinalou Conde, "animan á Xunta a seguir apostando polo programa de Fábrica Intelixente e Sustentábel co obxectivo de apoiar o salto dixital do tecido empresarial galego".

A empresa Mestrelab puxo en marcha un software que, ademais de utilizalo as principais farmacéuticas para as vacinas, tamén están a facer seu uso outros organismos, universidades e clientes industrias. "Este é o camiño que temos que seguir mantendo porque a diferenciación de Galicia vén polo coñecemento. A I+D+i é o elemento clave que permite que as empresas se poidan diferenciar", subliñou Francisco Conde. ■

A revolución das aplicacións cidadás

Proliferan dende os nosos Concellos os servizos tecnolóxicos para facernos a vida máis doada

Ferrol achega paus *selfie* nos seus enclaves máis emblemáticos

O Concello de Ferrol presentou este mes de abril unha iniciativa tecnolóxico-turística para mostrar dun xeito innovador os tesouros da cidade e a súa contorna. En concreto, a iniciativa inclúe poñer a disposición dos visitantes e residentes unha serie de paus *selfie* en lugares emblemáticos de Ferrol para "facilitar a promoción da cidade nas redes sociais".

Esta iniciativa pioneira en Galicia, moi estendida xa noutras comunidades como Catalunya ou Andalucía, foi dada a coñecer pola concelleira de Turismo, María Teresa Deus, quen dixo que a idea "é facilitar ás persoas que visitan a cidade a toma de imaxes en algúns dos lugares representativos de Ferrol, e, tamén, servir de promoción turística".

Segundo fixo saber, nas instrucións do propio pau hai un convite para subir as fotografías resultantes ás redes sociais incluíndo etiquetas recomendadas e proporcionando unha ligazón a Instagram mediante código QR. Así, engadiu, os propios turistas "convértense nos mellores embaixadores de Ferrol".

O primeiro dos seis paus incluídos de partida ficou colocado esta mañá na praza de Armas. Os outros cinco espazos son a praza de Galicia (co Teatro Jofre de fondo), Amboage, os Xardíns de Herrera, o porto de Curuxeiras e o Auditorio de Ferrol. O proxecto parte da Sociedade Mixta de Turismo e conta cunha subvención da Deputación da Coruña, que financia un 80 % do custo, próximo aos 12.000 euros impostos incluídos. ■

Vigo lanza *app* para axudar en tempo real aos condutores

O Concello de Vigo presentou esta semana unha nova aplicación para facilitar a condución de residentes e visitantes, con vistas a incrementar a seguridade, a eficiencia e a sustentabilidade na estrada. Trátase de *Vigo Driving*, que foi cualificada polo alcalde, Abel Caballero, como "unha ferramenta pioneira en España para axudar á condución en tempo real, proporcionando datos sobre os tempos dos semáforos ou sobre o estado de tráfico nunha contorna concreta". Pode usarse en 178 cruzamentos de toda a cidade e está dispoñíbel para a súa descarga en sistemas Android e iOS.

Tal e como expuxo o rexedor, a pantalla amosa o mapa da cidade e, segundo a nosa posición en cada momento, ofrécenos información sobre varios aspectos: semáforos (cor, tempo para cambio de fase e recomendación de velocidade, o que permite adaptar a condución en función de se é posíbel pasar ou non en verde, e evitando aceleracións e freadas bruscas, contribuíndo a diminuír as emisións e o consumo); alertas (fornecéndonos de avisos de retencións, obras, accidentes próximos… o que nos permite anticiparnos de forma segura nos percorridos e cambiar de itinerario); aviso de zonas sensíbeis (zonas escolares ou limitadas a 30 quilómetros por hora); información de tráfico (tempos de desprazamento estimado a puntos clave da cidade, avisos de cortes para planificar mellor a ruta); ou estacionamentos (localización e indicación de prazas dispoñíbeis).

Premios á sustentabilidade en Santiago grazas á aplicación Reciclos

Os compostéláns van ter premio cada vez que reciclen correctamente material do contedor amarelo. Esta iniciativa foi dada a coñecer en abril polo Concello, que informou de que a cidade é a primeira das urbes galegas que aposta por Reciclos, o sistema que recompensa á cidadanía por botar recipientes plásticos (latas, botellas e outros recipientes) aos contedores amarelos (case 600 en todo o termo municipal). O sistema, que beneficiará potencialmente aos 97.000 residentes na cidade, tradúcese en premios sustentables de carácter comunitario e social (como contribucións ao proxecto *Preto de vivir* quero para a recuperación de espazos urbanos verdes). Tamén poderán optar a sorteos de vehículos sustentábeis, como patinetes eléctricos. O único requisito que se pide, amais dun correcto uso do contedor, é informar de cada contribución ao mesmo co teléfono móbil.

Os días 21 e 22 de maio **toca mobilizar talento**

A Cidade da Cultura acolle en maio a quinta edición do Hackathon Big Data & Analytics

O Centro de Excelencia en Intelixencia de Negocio (CEIN) de DXC Technology, con sede na Cidade da Cultura de Galicia, vén de convocar a quinta edición do Hackathon Big Data & Analytics. Será os días 21 e 22 de maio de 2021 no dito complexo compostelán do monte Gaiás. Celebrarase en colaboración coa axencia autonómica AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia) e a madeireira galega FINSA. A intención das entidades organizadoras é manter o alto nivel de participación e repercusión do evento, que se vén celebrando dende 2017, e mesmo superalo. O número total de participantes nas catro edicións previa superou o centenar.

Concorreron nas convocatorias anteriores analistas, investigadores, universitarios, emprendedores e persoas con inquietudes tecnolóxicas relacionadas co análise de datos, a estatística, o aprendizaxe automático, a análise de datos a gran escala *(Big Data)* e a Intelixencia Artificial.

A iniciativa forma parte das iniciativas do Plan Digitalent da AMTEGA para promover as vocacións tecnolóxicas, un ámbito no que DXC quixo redobrar o seu compromiso coa potenciación e desenvolvemento do sector galego das TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación).

Nesta edición, segundo fan saber as entidades organizadoras, o desafío será proporcionado pola empresa galega FINSA, dentro das súas iniciativas no marco de Industria 4.0.

As anteriores edicións dos *hackathons* organizados polo CEIN estiveron vencelladas a ámbitos tan dispares como o estudo da mobilidade dentro de centros comerciais, a análise das redes sociais dos xogadores do equipo de baloncesto CAB Obradoiro, o estudo de datos medioambientais para mellorar a calidade de vida da cidadanía ou o desenvolvemento de ferramentas de apoio á toma de decisións para afeccionados e profesionais do mar e dos deportes acuáticos.

O obxectivo desta edición é atopar e premiar o desenvolvemento de modelos de predición ligados á á industria no ámbito de operacións. A participación está limitada a 30 participantes. A inscrición pódese facer a través da web do evento (hackathon-cein.com) de xeito individual ou en grupos de ata cinco persoas.

Cambios na metodoloxía

Tradicionalmente o *hackathon* viña levándose cabo en dúas xornadas. O venres as 17:00 facíase unha presentación, por parte do director do CEIN. Tras ela, comezaba una sesión de traballo ata as 20:00 horas que continuaba o sábado a partir das 9:00. Tras un xantar conxunto de todos os participantes, a partir das 18:00, cada equipo presentaba a súas solucións e o xurado avaliaba e seleccionaba aos gañadores.

Nesta ocasión, en función da situación provocada pola COVID-19, as actividades serán adaptadas ao estado no que se atope a Comunidade nese momento e serán anunciadas na web do evento, (hackathon-cein.com).

Os premios divídense en dúas categorías: mellor solución global e cal mellor proposta de valor. Os gañadores serán elixidos por un xurado multidisciplinar formado por profesionais do CEIN e da madeireira FINSA, con sede principal en Compostela. ■



Alén Space desenvolve un nanosatélite para a misión **Alfa Crux**

A empresa galega Alén Space, especializada na fabricación e operación de pequenos satélites para todo tipo de aplicacións, vén de subir un novo chanzo no camiño de converterse nun referente internacional no seu ámbito New Space. En concreto, confirmou a súa participación no proxecto Alfa Crux da Universidade de Brasilia (UnB) para o desenvolvemento dun CubeSat que permitirá a realización de investigacións e experimentos no ámbito das comunicacións baseadas na Internet das Cousas (IoT).

A misión, que conta co apoio da Fundação de Apoio a Pescuda do Distrito Federal (FAPDF) e da Axencia Espacial Brasileira (AEB), tamén estudará a caracterización dos efectos do clima espacial nas comunicacións por satélite en latitudes ecuatoriais.

Esta iniciativa é posíbel grazas á colaboración entre a UnB e Alén Space, que permitirá o uso as súas instalacións e o seu programa de adestramento e capacitación especializado no desenvolvemento de nanosatélites (Hands-on Training Programme).

A empresa galega explica que a integración e validación do CubeSat realizarase este verán na súa sede de traballo, coa presenza dos estudantes brasileiros. O obxectivo é que "o nanosatélite estea listo e entregado ao lanzador entre os meses de outubro e novembro de 2021". ■

O **CCG** retransmitirá dende a súa web o **Concerto das Letras Galegas**



O Auditorio do Mar de Vigo acollerá o tradicional Concerto das Letras Galegas do Consello da Cultura Galega. Será presencial, o vindeiro 16 de maio, e poderase seguir en directo a través da web do CCG (consellodacultura.gal/especial/concerto-letras-2021/), emitíndose tamén a través da CRTVG, e no propio 17 de maio na segunda canle da TVG.

O Concello de Vigo colabora na realización deste iniciativa que xuntará a experimentación musical de LauraLaMontagne e PicoAmperio coa poética de Xela Arias (1962-2003), figura á que se lle dedica nesta ocasión o Día das Letras Galegas.

As entradas do concerto serán de balde e pódense retirar desde xa a través da plataforma Teuticket.

En palabras do CCG, o Concerto das Letras Galegas é "unha aposta consolidada do Consello da Cultura para celebrar dunha maneira festiva o Día das Letras Galegas", e este ano pretende "ser tamén unha homenaxe ás vangardas e aos novos creadores". ■

Humor tecnolóxico de Henrique Neira

Verín impulsa un plan de dixitalización e unha oferta de emprego de 32 prazas

O Concello de Verín vai desenvolver un programa de modernización e dixitalización para ofrecer o mellor servizo posíbel á veciñanza e gañar en eficiencia, sustentabilidade, axilidade e óptima xestión. Segundo explica o Goberno local, o plan ten unha orixe clara: poñer en marcha accións urxentes para contrarrestar as actuais necesidades en materia de equipo humano, que se viu reducido drasticamente dende 2015 por baixas definitivas ou ceses de xubilación. O obxectivo é lanzar unha oferta de emprego público de 32 prazas.

En concreto, o Concello prepara "un ambicioso plan de modernización", que pasa "pola dixitalización de todos os servizos municipais, a introdución das novas tecnoloxías en todas ás áreas da administración local e a informatización do conxunto das actividades de xestión". ■

CONGALSA celebra unha nova **Andaina Solidaria** virtual

A empresa alimentaria CONGALSA, con sede na Pobra do Caramiñal, abriu o 1 de maio o prazo de inscrición para a sexta convocatoria da súa andaina solidaria. Novamente celebrarase de xeito virtual (por mor da situación sanitaria actual e tendo en conta o éxito da anterior entrega, o ano pasado, que se desenvolveu baixo un formato análogo e conseguiu mobilizar a unha chea de camiñantes).

Este ano, como novidade, as e os participantes poderán descargarse unha aplicación móbil na que rexistrarán todos os quilómetros que realicen e que, con posterioridade, a empresa converterá en euros para destinar a diferentes entidades benéficas da comarca do Barbanza.

A andaina solidaria desenvolverase entre o 1 e o 30 de xuño e haberá agasallos (a camiseta oficial da andaina) para todas as persoas que se inscriban con antelación, entre o 1 e o 17 de maio.

O devandito pode facerse xa a través da web deporticket.com.

CONGALSA marcouse como reto "superar a ampla participación do ano pasado no que tomaron parte na iniciativa un total de 620 persoas".

Respecto da aplicación móbil que deberán empregar as e os participantes, a empresa indica que non se limitará a ser un acubillo no que rexistrar os quilómetros da andaina que leven a cabo, senón que tamén se poderá deixar constancia nela dos adestramentos de cada quen. ■

Lousame estende a rede de alta velocidade a todas as parroquias

O Concello de Lousame xestionou un acordo coas principais operadoras de telefonía móbil para estender os servizos da rede de última tecnoloxía na banda 800 MHz en todas as parroquias do municipio. Así, nos vindeiros meses esta tecnoloxía estará dispoñíbel ao longo do termo municipal e ampliándose agora cara a Camboño e Tállara. Deste xeito, informa o Concello, "a veciñanza lousamiá poderá gozar de conexións móbiles de alta velocidade sobre extensión xeográfica".

O Goberno de Lousame engade que as melloras desenvolvidas sobre esta nova banda de frecuencias melloran a velocidade de conexión a Internet, os servizos de televisión baixo demanda, as descargas de música así como decenas de novos servizos, permitindo conseguir velocidades de ata 150 Mbps. ■

Os segredos do modelado de datos avanzado, nun novo curso de **Vitae**

Os datos son un dos principais activos de calquera organización empresarial, sempre e cando teñamos os recursos precisos para xestionalos, mostralos, compartilos, ordenalos, protexelos, facelos flexíbeis e poñelos en valor. Con esta serie de factores teremos unha base firme para que a nosa empresa non só se manteña no tempo, senón que o faga coas meirandes e máis destacadas taxas de éxito. Recursos dos que botar man para acadalo hai moitos, pero Vitae Consultores, como de costume, ofrécenos unha reposta segura, cómoda e inmediata: o curso Modelado de datos avanzado para Power BI, Excel e BBDD. Serán oito horas de formación, a desenvolver os días 24, 25, 26 e 27 de maio, a través da Aula Virtual da consultora. ■

O **hackathon** da **UVigo** e **Telefónica** estrearase en maio en formato virtual

O hackathon que a UVigo desenvolve ao abeiro da cátedra Telefónica levarase a cabo este ano en formato virtual, logo de cinco convocatorias presenciais. Será entre o 6 e o 8 de maio cando o Hackathon Virtual, HAVI 2021, reunirá aos equipos formados por entre tres e seis estudantes da UVigo. Os grupos deberán defender os seus respectivos retos para a innovación nesta competición, que ten o obxectivo de fomentar o emprendemento innovador e o traballo en grupo.

Nesta primeira edición virtual do evento, a Universidade de Vigo, a Cátedra Telefónica e o Consello Social apostarán por un formato que reunirá as mesmas condicións básicas có formato presencial pero "nun ámbito puramente virtual", empregando para tal fin as infraestruturas de teledocencia dispoñíbeis na institución académica. ■

TREBELLOS

Apple introduce o chip M1 no iPad Pro

O produto que xustificou o último evento de Apple é o iPad Pro, que incorpora o chip M1, o que supón un salto de potencia que tardaremos en ver o que pode dar de si, e que estará acompañado con conectividade 5G e, no caso do modelo con pantalla de 12,9 polgadas estréase a tecnoloxía Liquid Retina XDR, que é como Apple denomina ás súas pantallas con miniLED, o que permite incrementar considerablemente o nivel máximo de brillo da pantalla á que vez permite un bo contraste grazas a contar cun control por zonas da retroiluminación.

Outro elemento que xustificaría o apelido Pro deste trebello sería o seu porto USB-C, compatible con Thunderbolt e USB 4, de xeito que multiplica por 4 o largo de banda do anterior iPad Pro. Grazas a Thunderbolt o iPad Pro podería soportar Ethernet a 10 Gbps e a conexión a pantallas 6K Pro Display XDR, así como a periféricos que permitirán o uso deste trebello para diferentes traballos creativos.

O iPad Pro renova a súa cámara frontal, optando por un sensor de 12 Mpíxeles cunha óptica de ultra grande angular coa intención de captar un grande ángulo de visión sobre o que poder aplicar recorte, xa que nas videoconferencias estrea a función Encuadre Centrado, que permite que a cámara faga un seguimento de persoas, manténdoas sempre centradas no plano, o que busca unha maior flexibilidade en xuntanzas profesionais ou mesmo conversas familiares.

O novo iPad Pro chegará na segunda quincena de maio, con prezos que parten dos 879 euros para o modelo de 11 polgadas (que carece da pantalla Mini-LED) e dos 1.119 euros para o modelo de 12,9 polgadas.

O DJI Air 2S equípase cunha cámara de 1 polgada

O dron DJI Mavic Air 2 é un dos máis equilibrados do seu fabricante, e vén de renovarse baixo o nome de DJI Air 2S, cambio que afecta non só ao seu nome, senón tamén especialmente á súa cámara, que agora conta cun sensor de 1 polgada e 20 Mpíxeles que pode gravar vídeo en 5,4K a 30 imaxes por segundo (e 4K a 60 imaxes por segundo), mantendo un peso por debaixo dos 600 gramos, polo que reforza a súa posición como un dos drons máis recomendables do mercado.

Este dron que definen como un *todo en un* pode manexarse a distancia recibindo vídeo en Full HD até a 12 quilómetros de distancia, detecta obstáculos en 4 direccións (para poder esquivar obstáculos), conta con numerosas posibilidades para a captación de fotografías (RAW, HDR, panorámicas) e vídeo (hyperlapse, MasterShots, FocusTrack), e incluso integra ADS-B, ou sexa, que recibe datos de localización de avións e helicópteros nas inmediacións para unha maior seguridade.

Este atractivo dron véndese a un prezo de 999 euros, existindo a posibilidade de mercalo nun lote *Vuela Más* (que inclúe baterías adicionais, un centro de carga, bandoleira para o seu transporte e incluso un xogo de 3 filtros de densidade neutra) por 1.299 euros, sendo esta última a opción máis

TCL amosa un smartphone conceptual que se transforma en tableta

Nun momento no que nas tendas poden atoparse smartphones encartables e circulan alternativas nas que os móbiles optan por pantallas enrolable, dende TCL sorprenden presentando un móbil conceptual chamado Fold 'n Roll que mestura ambas tecnoloxías, de xeito que que encartado temos un smartphone cunha pantalla de 6,87 polgadas que pode abrirse para conseguir unha pantalla de 8,85 polgadas, para logo desenrolalo para transformar o smartphone nunha tableta de 10 polgadas.

Como falamos dun produto conceptual, non sabemos se realmente chegará a comercializarse, cando menos na súa forma actual, pois entre outras cousas sorprende o feito de que a súa pantalla encartable estea disposta no exterior do dispositivo, o que Huawei desbotou no seu segundo encartable, dando a entender que no primeiro encartable tal decisión provocou problemas que querían evitar.

En calquera caso, TCL asegura que ao longo do presente ano venderá algún smartphone encartable ou enrolable, e o seu móbil conceptual podería ser unha pequena ollada ao futuro.

Chega a España a solución de Wi-Fi en malla Eero 6

Incorpórase ao catálogo Amazon en España os Eero 6, ou sexa, a versión da solución de *Wi-Fi mesh* de Amazon con conectividade Wi-Fi 6, que achega maior velocidade, maior rendemento e mellor cobertura aos dispositivos conectados (até máis de 75 dispositivos á vez), ao que hai que sumar a integración dun controlador de fogar dixital Zigbee, ou sexa, que elimina a necesidade de empregar un concentrador Zigbee adicional, simplificando as instalacións domóticas.

Esta solución para redes Wi-Fi é sinxela de instalar e controlar, contando incluso con numerosas funcionalidades para mellorar a seguridade da nosa rede doméstica. Dende hoxe pode adquirise o Eero 6 a un prezo de 149 euros (só o router) e de 299 euros (o router con 2 extensores para poder dar cobertura a vivendas de até 460 metros cadrados).claro que estamos ante un produto dunha marca de luxo.

B&O comercializa un altofalante sen fíos que imita a un libro

Bang & Olufsen está a sorprender co lanzamento do Reosound Emerge, un altofalante Wi-Fi compacto para o fogar que diferenciase claramente da competencia polo seu deseño elegante e discreto, xa que adopta unha estética que permite que pase desapercibido en calquera estante no que se coloquen libros, á vez que tamén resulta atractivo por si mesmo á vez que ofrece unha boa calidade sonora e conta co opción de empregar o asistente de Google.

Este altofalante, en vez de apostar polo son en 360 graos, xa que está orientado á súa colocación en estantes, aposta por un son ultraamplo en 180 graos de grande potencia, resultando ideal para espazos secundarios do fogar e lugares cativos.

Estamos ante un produto moi ben deseñado, cunha estética impecable e grande calidade sonora, que como principal atranco tería o seu prezo, xa que o seu modelo en cor negra antracita custa 599 euros, mentres que o modelo en cor carballo claro con acabados en dourado chega até os 749 euros, deixando claro que estamos ante un produto dunha marca de luxo.

Spotify proba un dispositivo para facilitar o seu uso no automóbil

Conscientes do elevado uso que se fai de Spotify no automóbil, a plataforma de streaming musical está a ofrecer a un grupo reducido de usuarios nos EE.UU. un dispositivo chamado Car Thing, que facilita a reprodución musical dun xeito máis áxil e cómodo mentres imos en coche, para o que este trebello opta por diferentes sistemas de control: a voz, a pantalla táctil ou mandos físicos.

Con este trebello os usuarios poden utilizar un asistente de voz para solicitar o que queren escoitar a través de Spotify; poden empregar a súa pantalla táctil para ver o que se está a reproducir e navegar polos contidos; e incluso poden facer uso de elementos físicos (algo moi práctico para non perder de vista a estrada) como un dial para moverse entre os contidos e 4 botóns preconfigurables que serven de atallos para os contidos preferidos.

O Car Thing só pode conseguirse mediante invitación e precisa de conexións a Internet a través do móbil para funcionar. Dende Spotify aseguran que non pretenden competir cos sistemas de audio no automóbil, senón simplemente complementalos, e aínda que este dispositivo é actualmente de balde para subscritores de Spotify, pretenden comercializalo a un prezo de 79,99 dólares.

Oculus Quest

PUZZLE BOBBLE

As Oculus Quest recibirán o xogo

Para os seareiros de Bub e Bob hai boas novas: o regreso de *Puzzle Bobble* e, desta volta, en realidade virtual! O vindeiro 20 de maio chegará a Oculus Quest o xogo *Puzzle Bobble VR: Vacation Odyssey,* que permite xogar ao clásico xogo das bólas en primeira persoa, o que pode lembrarnos á incursión dos *Angry Birds* na VR.

Este novo xogo está a ser desenvolvido por Survios e ofrecerá un cento de niveis no modo historia, nos que haberá que facer o mesmo que no xogo de recreativa: xuntar bólas da mesma cor para facelas esbourar.

Pero non só poderemos superar eses niveis, senón que conseguiremos unha puntuación en cada un, de xeito que son moi rexogables até conseguir unha puntuación perfecta.

Tamén é posible xogar a este *Puzzle Bobble* nun modo infinito e incluso poderemos enfrontarnos a outros xogadores en liña.

Aparte dos personaxes, *Puzzle Bobble VR: Vacation Odyssey* tamén incluirá a música orixinal de *Puzzle Bobble*, xunto con temas compostos para a ocasión.

PC | PS4 | Xbox OnePS5 | Xbox Series X|S | Google Stadia

CYBERPUNK 2077

Só devolveron o 1,6% das copias vendidas

O lanzamento de *Cyberpunk 2077* foi un dos máis polémicos dos últimos anos, xa que o xogo estaba moi lonxe de ser un produto final cando se puxo á venda, o que levou a que tivesen que aceptar devolucións e incluso provocou que o retirasen da PlayStation Store ante a previsible problemática que causarían as solicitudes de devolución dos cartos.

Pero a sensación de escándalo que pode levar calquera xogador que viva con intensidade a súa afección non parece corresponderse co sentir xeral da poboación, ou iso podemos deducir ao coñecerse a presentación dos resultados do ano fiscal 2020 por parte de CD Projekt Red, compañía polaca que recoñece ter vendido 13,7 millóns de copias de *Cyberpunk 2077* en 2020.

As contas da compañía recoñecen a *Cyberpunk 2077* como o seu meirande xogo, e baseándose nos datos publicados podemos estimar que o número de unidades do xogo que completaron a súa devolución sería dunhas 215.000 unidades, aproximadamente o 1,6% do total de unidades vendidas, de xeito que seguen a ser moitos os xogadores que poden tolerar os fallos do xogo e confían en que vaian corrixíndose co tempo, á vez que gozan da experiencia que aporta.

En calquera caso, dende CD Projekt Red aseguran ten aprendido a lección, pois aínda que a taxa de devolucións fose moi baixa, a retirada da PlayStation Store do xogo seguro que provocou unha redución de ingresos máis que considerable, situación que sen dúbida non queren que se repita.

PlayStation 4 | PlayStation 5

FINAL FANTASY IV ONLINE

Inicia a súa beta aberta para PS5

O *xogo Final Fantasy XIV Online* inicia a súa beta aberta para PlayStation 5, versión que integra numerosas melloras para aproveitar as bondades da nova consola de Sony e que conectará cos mesmos xogadores que a versión de PlayStation 4 e outras plataformas dispoñibles, ou sexa, que durante as probas poderase gozar dos mesmos servidores de xogo que o título comercial.

A beta de *Final Fantasy XIV Online* desenvólvese pola inxente cantidade de contido existente para o xogo, de xeito que, de non detectarse ningún problema crítico, realizarase directamente a transición ao servizo oficial. Cando rematen as probas animarase aos novos xogadores a trasladarse á versión completa do xogo, que conservará os personaxes e progresos adquiridos durante as probas, nas que permiten gozar de *A Realm Reborn* e o primeiro paquete de expansión, *Heavensward*, até o nivel 60.

O xogo para PlayStation 5 permite que o xogador elixa entre 3 resolucións de pantalla (2.160p, 1.440p e 1.080p) de xeito que as dúas resolucións menores correrían a 60 imaxes por segundo, mentres que a versión en 4K moveríase a 40 imaxes por segundo, que en calquera caso sería maior taxa de fotogramas que a versión para PlayStation 4. Nos momentos con maior carga de *renderizado* o xogo aspira a superar os 30 fotogramas por segundo. A nivel sonoro o xogo tamén mellor, incorporando audio 3D para unha maior inmersión.

Os usuarios actuais de *Final Fantasy XIV Online* para PlayStation 4 poderán pasar á versión de PlayStation 5 sen custo adicional, mentres que os novos no xogo poden acceder á súa versión de proba de balde, que agora tamén está dispoñible para PlayStation 5.

O **público galego** quere contidos ***gaming***

O Museo do Videoxogo desenvolveu unha ambiciosa exposición para o Salón do Libro de Pontevedra

Por segundo ano consecutivo, a Fundación Museo do Videoxogo de Galicia (MUVI) colaborou de xeito activo co Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, que chegou á súa XXII edición. En palabras dos responsábeis do MUVI, os irmáns Jacobo e Galo Martínez, a participación do museo de Cangas no dito evento foi unha nova constatación do interese que espertan os videoxogos entre o público, o que se materializa unha vez máis na súa inclusión, de maneira natural e directa, no programa do Salón.

"Para o MUVI, a idea de poder seguir promovendo o videoxogo nun espazo fresco e cultural como é o Salón sempre será motivo de celebración, pois esta está correspondida coas bases fundacionais da entidade, que procura entrelazar divulgación, entretemento e interacción", explicaron, debullando deste xeito a colaboración do MUVI desta convocatoria: "Trátase dun percorrido imperdíbel sobre a relación entre o videoxogo e a ecoloxía, da man dunha exposición con máis de dúas decenas de fitos que recollen algúns dos momentos máis interesantes da industria en relación co medio natural, as enerxías renovábeis ou as problemáticas e solucións que a Terra ten por diante".

O percorrido físico co que poden interactuar os asistentes (que se complementa cun itinerario virtual accesíbel na web do Salón, salondolibro.muvi.gal) exhibe obras, sistemas e información sobre estes elementos en relación coa ecoloxía, "deixando patente como o videoxogo se relaciona coa realidade histórica e social de cada intre cronolóxico, abrindo cada vez máis portas no referido ás temáticas, aos relatos e ao seu tratamento, nunha viaxe que vai, neste caso, desde o ano 1982 até o 2021", explican os irmáns Martínez, facendo saber que amais da exposición permanente o MUVI tamén se achegan visitas guiadas por eles mesmos (dende o 22 de abril até o 9 de maio) destinadas a ampliar a información do espazo principal, amais de ofrecer "unha viaxe accesíbel e interactiva para todo neno e adulto que se inscriba".

A exposición física e virtual terá un engadido final en forma de Unidade Didáctica a resolver pola conta de calquera asistente que así o desexe, perante a idea de repasar os coñecementos adquiridos durante o percorrido e recompilar a meirande parte da información ofrecida, afondando de novo na idea da interactividade e a accesibilidade, "elementos presentes en todas as propostas que o MUVI deseñou para o Salón", explican os creadores do museo, que lembran a todas as persoas interesadas que poden consultar calquera dúbida con Galo Martínez (651 662 746) ou con Carlos Pereiro (669 225 461), membros da fundación. ■

Curso sobre *gaming* e emprendemento impulsado pola Cámara de Santiago e a Xunta



Formar a dúas ducias de mozas e mozos da nosa terra nas posibilidades (creativas, empresariais, laborais) do sector dos videoxogos. Este é o gran obxectivo da iniciativa conxunta de formación que arrincou o pasado 19 de abril no Gaiás impulsada pola Cámara de Comercio de Santiago, a Xunta (a través da Fundación Cidade da Cultura) e máis a Fundación INCYDE. O curso *Videoxogos e emprendemento* inclúe sete semanas de capacitación e asesoramento personalizado.

Enmárcase no Programa de formación e asesoramento a empresas e profesionais culturais que desde o Gaiás desenvolven a Xunta e a Cámara de Comercio, que, ademais de asesoría personalizada inclúe accións formativas en eidos como a internacionalización, o emprego das TIC, o financiamento e o capital risco ou a xestión empresarial.

O programa, dirixido a mozas e mozos de menos de 30 anos inscritas/os no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, ofrece a oportunidade de "formarse nun sector punteiro, o do *gaming*, que se atopa en plena expansión e que vén experimentando crecementos acumulados nos últimos anos", informaron as entidades responsábeis da súa posta en marcha, engadindo que a actividade está destinada tanto a persoas emprendedoras ou profesionais que queiran iniciarse no desenvolvemento de videoxogos ou ampliar e consolidar os seus coñecementos no campo da creatividade dixital, como a aquelas que simplemente teñan interese no desenvolvemento de videoxogos de forma profesional.

Demoledor Informe Xabarín

Ningunha das 10 canles temáticas infantís e xuvenís das operadoras de TV ofrecen contido en galego

A Mesa vén de recordarnos unha realidade incontestábel: a ausencia de contidos en galego nas grellas temáticas infantís das operadoras e plataformas de TV por fibra óptica, tanto o que se se refire a produtos en versión orixinal como a dobrados ou lexendados. A Mesa plasmou este e outros datos máis específicos no *Informe Xabarín*, no que se fai saber que só 1 de cada 1.000 títulos nas ditas grellas están dispoñíbeis a día de hoxe na nosa lingua. Ademais, o informe recolle que TVE non chega a 40 minutos diarios en galego fronte ás 119,4 h diarias en castelán.

A Mesa pola Normalización publicou os resultados dun informe que cualifica de "demoledor" despois de manter unha serie de xuntanzas cos grupos parlamentares de PP, BNG e PSdG para presentarlles a Iniciativa Popular ao Parlamento de Galiza, na que insta ao Goberno galego a tomar medidas para que a CRTVG aumente a oferta en galego destinada á nenez e á mocidade nas televisións públicas a través dunha canle *Xabarín*. Na proposta solicítase que esta canle achegue "programación atractiva, actual, educativa e de produción galega dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñíbel en todas as plataformas dixitais".

Na proposta solicítase que a CRTVG achegue "programación atractiva, actual, educativa e de produción galega dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñíbel en todas as plataformas dixitais"

Tamén se pide unha *app* actualizada para todos os dispositivos e que conte amais con programas e xogos. Asemade, a iniciativa insta a que toda a programación televisiva, incluídas as plataformas e TVE, teñan versión en galego orixinal, dobrada ou lexendada.

Boa receptividade

Para o presidente da Mesa, Marcos Maceira, "a receptividade mostrada polo grupos parlamentares é esperanzadora". Segundo indicou, "as posíbeis dificultades técnicas e administrativas na emisión dunha canle *Xabarín* da TVG por TDT poderían ser salvadas incluíndoa nos paquetes básicos de TV por fibra óptica, satélite, ADSL e tecnoloxía móbil así como dispoñibilizando a aplicación *Xabarín* para todos os dispositivos e televisións *smart*".

Maceira lembrou que a iniciativa Xabarín promovida pola Mesa procura tamén que o Parlamento galego reclame ao Goberno español "que a TVE exerza como canle pública dobrando e lexendando ao galego todos os seus contidos e que as cotas que fixará a nova Lei Xeral do Audiovisual para o castelán na dobraxe, lexendaxe ou financiamento de producións audiovisuais, sexan idénticas para o galego". Deste xeito, indicou, "ademais dos posíbeis acordos coa Xunta, tamén a lexislación garantiría os contidos en galego en plataformas como HBO, Netflix ou Filmin".

Nas súas palabras, "o galego ten que deixar de estar excluído da oferta audiovisual" recorda Maceira. "É lamentábel que unha meniña ou un meniño galego en Galiza teña mais opcións de visualización contidos en francés ou un rapaz ou unha rapariga en chinés ou árabe que en galego" denuncia.

Maceira fixo saber que "todos os partidos entenderon que o galego non pode ficar excluído da oferta audiovisual e que cómpren medidas urxentes".

Neste momento, só a TVG garante a presenza do galego na grella televisiva, "mais cómpre ampliar a súa oferta cunha canle temática *Xabarín* para operadoras como R, Movistar ou Vodafone", indicou, incidindo na necesidade de adaptar a aplicación *Xabarín* a todo tipo de dispositivos. ■



ADIANTADA
CREATIVA
OUSADA
VALENTE
TRANSGRESORA

GRAZAS, MESTRA

POLAS LECCIÓNS QUE LLES
DEIXAS ÁS NOVAS XERACIÓNS

EDITORA
TRADUTORA
POETA

"Nós decidimos que facemos coas nosas vidas, aínda que moitas veces pensemos que non".

17 DE MAIO

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

DEDICADO A **XELA ARIAS**

Muller polifacética das nosas letras, mestra
de poesía e de vida dun pasado moi presente.

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21·22 galiciacalidade